

REVOLTANDO À TERRA

Reinventando o rural

EDITA: Bolanda, ediciones y marketing

ISBN:

DEPÓSITO LEGAL:

 **bolanda** Agencia de Marketing



Recoñecemento - Compartir Igual (by-sa)

Esta licenza permite o uso comercial da obra e das posibles obras derivadas, pero a distribución destas débese facer cunha licenza igual á que regula a obra orixinal, é dicir, a obra derivada que se leve a cabo a partir da obra orixinal deberá ser explotada baixo a mesma licenza.

Esta publicación realizouse grazas a:

“Consolidación e estruturación 2017 REDES - Rede de Agroecoloxía e Historia. REVOLTA” (2017-2019).

Proxectos do Plan Galego IDT -ED431D2017/05-

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia)



Investigadores da Aldea — Rede ReVOLTA

Investigadores da Aldea — Rede ReVOLTA:

Xoan Carlos Carreira / Emilio Carral / Beatriz Corbacho
Lourenzo Fernández Prieto (coord.) / Francisco Javier López González
Edelmiro López Iglesias / Fran Quiroga (coord.)
Teresa Rodríguez López / Xavier Simón

Ilustracións por Elena MostoenVena

Ãs nosas avoas...

LIMIAR



Esta publicación colectiva quere contribuír a favorecer un debate necesario sobre o mundo rural na Galiza; queremos axudar a facer un novo diagnóstico da situación, á vez que analizar as capacidades de cambio e transformación que se están a dar nos últimos tempos no mundo rural do país.

Este é un libro que parte da realidade da longa crise actual, os/as autores/as asumimos a asentada necesidade dun futuro sustentable, entendemos a necesidade dunha reconexión entre o rural e o urbano, e en último –e máis importante lugar–, indagamos no resultado da acción social de axentes que resolven a xestión dos recursos dispoñibles dun xeito anovador. Son eses axentes os que alentan e nutren o noso discurso, son eles o obxecto da nosa busca, con eles nos enguedellamos e neles descubrimos novidades. Aprendemos das súas solucións.

As persoas e as comunidades que viven e traballan no rural son as protagonistas dos éxitos conseguidos mais tamén son quen sofren de xeito directo os problemas e enfrontándose a eles superáneos. Este libro busca dar conta deses éxitos, definir os problemas que afrontan os protagonistas e amosar como lograron superalos. Nós queremos compartir con elas a reflexión e as ideas sobre a situación actual e o futuro. Entendemos que o rural é parte fundamental deste país que non poderíamos entender sen el. Por que é así explicámolo, por separado, as autoras e autores noutros traballos; a case todos nolo contaron na casa de cativos. Sabemos que este país necesita dun rural vivo, onde exista benestar e calidade de vida, e ese é o obxectivo ao que responde esta publicación.

Esta crise, aínda que prevista, é a ocasión para volver, ollar e mesmo vivir o campo con aprezo. É a ocasión tamén para darlle a volta a 60 anos de desprezo e fuxida do agro e do mundo rural.

Estamos na interface de dúas crises: unha explícase no longo prazo secular e outra no curto da década que andamos. A primeira das crises vén derivada da materialización da insustentabilidade da revolución verde: dos límites dun modelo hexemónico despois de 1945 baseado nas enerxías non renovables, hiperintensivo, moi dependente dos mercados de *inputs*, no que os labregos perderon progresivamente autonomía. Un modelo que no contexto da ditadura franquista en que se implantan foi definido como modernización. A outra crise enténdese no ciclo curto da redefinición das políticas europeas, os axustes da crise e a incompetencia dun modelo esgotado que os xestores máis incompetentes non son quen de deixar de aplicar. Impídeo a inercia dunha suposta necesidade permanente de modernización.

Os vellos paradigmas da revolución verde global e o vello paradigma galego do atraso nin serven nin son xa recoñecibles pero seguen funcionando e enchendo diagnósticos e políticas. Enchen os ocos da ausencia de diagnósticos acaídos aos tempos e de políticas precisas para garantir o futuro. Seguen sendo o recurso fácil cando temos que explicármonos ou propor solucións.

Sen persoas non hai rural nin agro. "Ocupar" o territorio con persoas e o que está a acontecer nos novos ámbitos de manexo dos agroecosistemas. Seguindo estratexias multifuncionais que

detectamos e que xa están sendo desenvolvidas na práctica coñecelas e identificalas é para nós un obxectivo central.

As experiencias "piloto" que xa están a materializarse e que aquí identificamos como *Experiencias Productivas Innovadoras* (EPIs as chamamos) constitúen para nós iniciativas a valorar e mesmo poñer de exemplo. Son a vía da "propaganda polo feito" para reproducir localmente e endoxenamente, segundo as condicións e oportunidades de cada caso, partindo sempre dunha mínima masa crítica e dun mínimo capital social.

Os éxitos das EPIs locais poden converterse en globais, en xerais, nun novo contexto, o da crise, no que a ausencia de subvencións ou o escaso tino das mesmas para definir futuros, a súa inercia e mesmo a ocasional arbitrariedade, poden acabar converténdose nun estraño –case extravagante– factor de discriminación positiva a prol dos máis resistentes e anovadores. O futuro do rural e do agro serán sustentábeis, necesariamente, aínda que cómpre chamar a atención dos menos avisados de que iso será así.

A situación do rural galego precisa ser estudada de novo para poder someter a debate novas propostas que permitan reafirmar, rectificar ou mudar as dinámicas que hoxe existen nel. É preciso un novo diagnóstico á luz dos novos paradigmas que sobre o papel da agricultura e a alimentación se están a abrir paso a nivel mundial. Un diagnóstico que parta tamén da avaliación dos resultados do modelo de desenvolvemento que se ten seguido nas últimas décadas. Un modelo moi poderoso, que chegou

moi tarde ao agro galego e que quizais por iso goza aínda de notable fortaleza virada cada vez máis nunha grande inercia.

Sabemos ben que o rural de comezos do século XXI xa non é o rural que moitos/as de nós coñecemos. Sabemos o que xa non é o rural galego, pero é moito menos doado saber o que realmente é, e aínda máis difícil o que pode chegar a ser. Nós queremos contribuir a responder algunhas cuestións que hoxe están en riba da mesa. Non agarde o/a lector/a atopar respostas definitivas e pechadas para todo. Calquera contribución terá que ser necesariamente parcial, por descontado tamén neste caso, tanto pola experiencia que ten servido de base a estas reflexións como polo feito de que seguramente non manexamos todas as claves necesarias. Tamén porque xa non estamos no tempo das solucións totais. Moitas outras contribucións serán precisas e agardamos que a nosa poida servir de estímulo para que se produzan, porque queremos partillar o noso enfoque con cantas máis persoas interesadas mellor e queremos estimular os aportes ao debate necesario.

E QUEN SOMOS NÓS? DE QUEN VIMOS SENDO LOGO?

A Rede ReVOLTA de investigación en Agroecoloxía e Historia (<http://revolta.usc.es/gl/>) é unha rede de cooperación de grupos de investigación universitarios que define no seu título o seu obxecto de traballo: *do rural que foi ao rural que vén: reVoltando á Terra; pasado e futuro dunha agricultura sustentable*¹. Creouse

1. Financiada pola Xunta de Galicia a través da convocatoria competitiva de redes de investigación do ano 2011 foi coordinada polo Grupo Histagra, del forman parte tamén os grupos: LaboraTe, GIEA, COSMERUM, GESPIC, XROFEA. A súa actividade ten carácter bianual e na segunda edición incorporouse o Grupo de investigación ECOAGRASOC. No 2017 sumouse o grupo GALABRA, á terceira xeira da rede.

no ano 2011 e no 2017 comeza a súa terceira etapa de traballo. A súa formulación transdisciplinar posibilita un diálogo entre diferentes perspectivas de investigación que quere establecer o seu punto de encontro na agroecoloxía, o que constitúe unha liña sólida no presente e unha inmensa posibilidade para o futuro (a curto e longo prazo) por mor das posibilidades que ten este enfoque para a implantación dun modelo de desenvolvemento agrario sustentable.

En ReVOLTA sabemos do moito que temos estudado nos últimos 30 anos dende a historia, a economía, a antropoloxía, a bioloxía, a socioloxía ou a enxeñaría sobre o agro e o mundo que o habita, o traballo, o sufrimento e o goce. Partimos de diferentes perspectivas, linguaxes e mesmo inquiredanzas, agora aliñadas nun obxectivo común, tanto académico como social, cultural e ambiental. Queremos ofrecer unha diagnose das problemáticas actuais do medio rural e, sobre todo, contribuir a elaborar propostas de futuro para o manexo sustentable do mesmo.

A Rede ReVOLTA-2 procurou respostas dende a investigación para as preguntas que se están a formular sobre o noso mundo rural en distintos ámbitos. Todos estamos preocupados, e algúns ocupados, polo ámbito rural e nos preguntamos que é o que podemos ofrecer, como podemos colaborar dende o noso punto de vista, intentando saber de onde vimos e onde nos atopamos nestes intres.

Despois de que en ReVOLTA-1 nos permitíramos o luxo de pensar na situación do mundo rural para facer un diagnóstico amplo e moi participativo dende o ámbito académico, arrincamos

ReVOLTA-2 en 2004 coa necesidade de conectar coa realidade albiscada na primeira fase. Decidimos facelo indagando sobre as Experiencias Produtivas Innovadoras citadas, empezando pola súa descuberta, discusión e finalmente a selección e presentación daquelas que dende o noso punto de vista avaliamos como máis atinadas para seren presentadas nunha mostra. A través de varias sesións compartimos coñecemos e debatemos sobre a experiencia concreta dun bo número de EPIS (20) e a resultados preséntase este catálogo. O máis importante non é o resultado final senón o proceso de indagación e a descuberta das capacidades de innovación que as EPIS incorporan en conxunto.

A última e máis importante conclusión de ReVOLTA-1 foi coincidir na necesidade de elaborar un novo discurso sobre o mundo rural e/ou agrario galego, coherente e plural á vez. Un novo relato para o agro do que partir con base na experiencia común dos nosos longos e produtivos debates e seminarios. En ReVOLTA-2 partimos de que, tal como tivemos ocasión de comprobar na fase 1 da rede, o conxunto dos grupos temos moito coñecemento acumulado para poder facer un diagnóstico do mundo rural e agrario galego actual; dispoñemos tamén dun novo marco teórico do que botar man; tamén indagamos e coñecemos novas formas de manexo produtivo e estamos ocupados no deseño de outras formas de manexo institucional.

Sabemos xa bastante do local pero falta aínda a visión ampla para unha proposta global; de entrada falta establecer unhas novas bases teóricas que poidan concretarse nun novo discurso

sobre o agro. Aquí arrincamos cunha declaración breve, que contribúa a definir un punto de partida para ese novo discurso conceptual e propositivo (tan importante e tan necesario) que poida desenvolverse despois sobre diferentes soportes e apoiado en diferentes estruturas. Un aporte para ese novo discurso que sae xa elaborado da experiencia de ReVOLTA-1 pode atoparse no libro que en 2015 publicaron Xoán Carlos Carreira e Emilio Carral Vilariño co título de *O pequeno é grande*, e que podería subtitularse: eloxio ao minifundio galego como agricultura de precisión.

O obxectivo máis evidente deste libro que publicamos a resultados de ReVOLTA-2 e no comezo da ReVOLTA-3 é intentar presentar a realidade diversa –social, económica, ambiental– do rural galego, a través das actividades e accións singulares que desenvolven suxeitos activos que viven e actúan nel. Noutras palabras, indagamos no que se está a facer de novo nos últimos tempos que, ao noso xuízo, mereza ser recoñecido, analizado e dado a coñecer.

Que se fai, quen o fai e, na medida do posible, intentar entender e explicar tamén por que se fai.

Un propósito máis ambicioso sería definir dende a rede as coordenadas do rural galego que queremos. Mais neste caso, sabendo xa –e non é unha conclusión menor– que non podemos establecer un modelo único para o futuro e que por moito que se intentara no pasado tampouco se logrou, os nosos obxectivos son moito máis modestos pero non por iso pouco ambiciosos.

Queremos, pois, dar conta dos resultados do traballo da rede coas EPIs ao longo deste tempo (2011- 2015). Ese foi o programa de traballo que definimos no arrinque de ReVOLTA-2, coa intención de explorar, descubrir, analizar e, no seu caso, visibilizar novas tendencias que poden anticipar futuro pero xa son tanxíbeis e realmente existentes, aínda que o sexan a moi pequena escala ou meramente singulares. Asumimos a lóxica da singularidade das EPIs para intentar identificar aos máis innovadores e emprendedores, aos pioneiros na escala convencional da teoría da innovación (pioneiros, innovadores, adoptantes maioritarios, rezagados...). Coñecemos as inquiredanzas, problemas e posibles solucións formuladas por xentes que viven no rural e do rural e as súas visións e experiencias foron analizadas e avaliadas como parte dun conxunto máis amplo. Logramos dotarnos dalgúns instrumentos analíticos deseñados ad hoc para a exploración e análise das EPIs e definir someramente o concepto da mesma². De todo isto damos conta nestas páxinas.

QUE ATOPAREMOS NESTE LIBRO?



2. A bagaxe desta iniciativa e dos seus resultados permitiron reunir un conxunto de información que ben requirirá un traballo ad hoc para ser procesada.

Este libro é un dos o resultados da rede ReVOLTA. Nesta rede de investigación traballamos como sabemos: pensando, diagnósticando, analizando e preguntando cos instrumentos dos que dispoñemos. Ademais precisamos retornar á sociedade, á que nos debemos e que nos financia, as nosas conclusións despois de dúas ambiciosas quendas de traballo. Agardamos que sexan moitos os interesados en partillar estes resultados que agora ofrecemos.

Esta publicación comeza cun primeiro capítulo onde pretendemos achegarnos a un diagnóstico da situación actual, tanto a nivel mundial como europeo e por suposto galego. Existen problemas ou características que podemos considerar xerais para todas os sistemas agrarios do planeta e o rural galego por suposto participa deles, mais tamén existen problemas e características específicas deste país que compre resaltar e avaliar, porque necesitarán actuacións específicas.

No segundo capítulo establecemos o marco teórico no que cremos que se debería desenvolver o modelo agrario que se siga no futuro. Incluímos aquí algunhas novas ideas que deberían inspirar as propostas para as próximas décadas.


No terceiro capítulo presentamos un cadro de diagnose no que analizamos as potencialidades que observamos no mundo rural, as fortalezas que fomos adquirindo e as que aínda mantemos do pasado para encarar os novos tempos que se avexían e os novos camiños que, queirámolo ou non, teremos que transitar.

No cuarto capítulo recolleamos as leccións aprendidas sobre as capacidades e potencias do rural, tamén mencionamos as non aprendidas, as reflexións que facemos despois de analizar todo o traballo desenvolvido e algunhas outras cousas que nos foron xurdindo ao longo da elaboración do traballo, en relación co futuro, o para quen, as fronteiras, e os marcos.

Esta publicación remata cunha parte final onde se presenta como un catálogo a selección de EPIs que fixemos e os criterios que seguimos para seleccionalas e ordenalas.

Non é doado –non estamos afeitados nin educados nin sequer valorados academicamente para tal tampouco frecuente a elaboración de produtos deste tipo no ámbito universitario pero unha importante conclusión é que o traballo en común reforza e potencia con moito todo o que puideramos facer individualmente ou aínda nos grupos máis pequenos que nos xuntamos en ReVOLTA. Esperamos que gocedes da lectura desta publicación tanto coma nós o fixemos da súa redacción. Porque nunca foi máis certo para nós despois desta experiencia que “o lecer fai culler”.

PENSANDO O RURAL



Pensando na lóxica dunha (nova) ruralidade, a procura do equilibrio ambiental, social e económico convértese no noso lema de partida para definir un marco teórico no que traballarmos e unha metodoloxía de traballo.

Desde a nosa diversidade conceptual académica e disciplinar coincidimos na necesidade doutro enfoque na xestión dos recursos naturais, sociais (humanos) e económicos, un enfoque que parte xa dunha nova (doutra) xerarquía de sistemas. Unha xerarquía na que a natureza é o conxunto incluínte no que se insiren diversos subconxuntos, os sistemas sociais e económicos: os seres humanos e os sistemas que conformamos ocorren, cun propósito que nós definimos, dentro dese sistema maior que é a natureza, coas súas leis e principios de funcionamento.

Figura 1. Xerarquía de Sistemas para a sustentabilidade:



Os modelos de xestión dos recursos naturais, sociais e económicos, como os que ocorren dentro dos espazos rurais, deben ser depositarios/refractarios desa xerarquía de sistemas polo que a noción de *agroecosistema* agroma con concepto fundamental para entender e xestionar o medio rural.

Nesta nova perspectiva xorden propostas analíticas como o metabolismo social (González de Molina e Toledo, "El metabolismo social, una nueva teoría sociológica", 2011), que considerando a constante interacción, de evolución co-dependente, a co-evolución dos sistemas, son avaliados en función dos fluxos que ocorren entre eles no seu ciclo de vida (desde a apropiación, a circulación, a súa transformación, o consumo e ate a excreción). O metabolismo social convértese nunha perspectiva acaída para o estudo de agroecosistemas mediante indicadores agrocolóxicos como os balances de materiais e enerxéticos, a pegada do carbono, as denominadas "millas alimentarias". Esta proposta teórica e metodolóxica permite analizar máis amplamente a estrutura e funcionamento do metabolismo agrario, dos seus agroecosistemas, colocándonos en disposición de avaliar eses sistemas máis alá do seu rendemento económico, engadindo elementos da súa sustentabilidade social, ambiental e, por suposto, económica.

A estrutura e dinámica do metabolismo agrario galego e dos seus agroecosistemas, entón, obedecen e son o resultado da interacción de numerosas variábeis e procesos ambientais, sociais e culturais que, desde a nosa perspectiva dificilmente podemos

abordar con ferramentas expresadas nunha única linguaxe, medidas cunha única métrica ou expresadas por un único axente.

Desde a Rede ReVOLTA non o inventamos pero si compartimos a necesidade dunha nova ciencia, diferente ao paradigma científico dominante, é a ciencia cidadá, coa xente, a ciencia posnormal, que trata cun mundo onde existen diversas incertezas, un mundo onde existen as persoas e as súas comunidades, onde existen conflitos, un mundo onde algunhas decisións son urxentes porque nos estamos a xogar moito, canto menos como especie (cambio climático, conservación da biodiversidade...).

Figura 2. A ciencia posnormal: Incertezas e conflitos.



No proceso de diagnóstico e avaliación dos procesos sociais que ocorren no medio rural galego topámonos nunha situación con esa amplitude e complexidade: algunhas decisións son urxentes (para evitar a despoboación humana e a erosión da biodiversidade), os conflitos están á orde do día (aproveitamentos mineiros e enerxéticos fronte a producións agrarias e de benestar colectivo), as incertezas son epistemolóxicas (non temos certeza sobre a incidencia dos incendios e do cambio climático sobre a dinámica das poboacións) e éticas (escoller entre os rendementos no curto prazo e a sustentabilidade a medio e longo prazo non ten efectos neutros).

Xa que logo, dende este enfoque debemos conformar unha comunidade estendida de pares, que (neste caso) non remata no mundo académico, como adoita ser habitual na maioría dos aspectos da nosa actividade profesional cotiá, e dar entrada "con voz e voto" aos pares non académicos (axentes, comunidades, asociacións, produtores, consumidores, ecoloxistas, EPIs, administración, veciñas, implicadas etc...) nese proceso de diagnóstico e avaliación dos procesos sociais que ocorren no medio rural galego. Isto é, facer partícipes a todos aqueles "pares" que poñen ou teñen algo en xogo no medio rural, no seu presente e no seu futuro.

Ese diálogo dentro da comunidade estendida de pares, practicado durante os anos de vida desta Rede, optimiza os procesos de diagnóstico e de definición de propostas para o medio rural mediante a diversidade de perspectivas. A diversidade da análise, perseguida mediante o proceso de triangulación, isto é, o uso

de diferentes fontes e medios para a reunión da información. A calidade, máis que a verdade, transfórmase no principio organizador da investigación e é operacionalizada mediante a pluralidade de competencias, perspectivas e compromisos, sendo no diálogo interactivo da comunidade estendida de pares, formada por todos aqueles que teñen algo que perder ou gañar nos problemas formulados, onde esa pluralidade de perspectivas, destrezas e compromisos toma contido.

O obxectivo do diálogo dentro da comunidade estendida de pares non é acertar coa verdade, o obxectivo é reducir o noso nivel de *ignorancia óptima*. E iso conseguímolos maximizando a participación, incluíndo diferentes perspectivas, dando entrada a unha amplitude de valores, disciplinas e pares.

Con todos estes pares contrastamos os resultados da nosas indagacións, eles son tamén obxecto de indagación e serven de fonte para a mesma e a eles van destinados os resultados das nosas pescudas. Se logramos que lles sexan útiles e practicábeis atinamos, do contrario ficamos nunha congostra choída, cando menos temporalmente. Pois tampouco podemos aspirar a unha aplicabilidade ou entendemento sempre inmediato das nosas achegas. A historia do coñecemento e da ciencia amosan que o asunto é un pouco máis complexo.

Unha realidade complexa, interpretada por axentes diversos, con perspectivas complementarias non pode, segundo o noso punto de vista, centrarse/cingirse en simples obxectivos colectivos expresados mediante *slogans* tipificados. No centro do noso in-

terese como sociedade incorporamos os novos valores (algúns non tan novos pero si o son na Historia da humanidade) e tamén novos suxeitos e axentes das sociedades democráticas e de consumo contemporáneas: o benvivir, repartir, igualar, respectar, integrar o externo e o aparentemente marxinal e moitos outros que todos e todas podemos pronunciar dentro desa comunidade estendida de pares.

Entendendo que hai un modelo dominante (de economía pero non só), identificado coa modernización 'desenvolvementista' construído na posguerra mundial e que se materializa no paradigma da revolución verde que está hoxe en cuestión e desfiachándose. Perfectamente vixente no esencial e con capacidade para deglutir as novidades; por exemplo para converter a sustentabilidade en desenvolvemento.

Comprendendo a correspondencia entre ese modelo dominante e o modelo das ciencias (sociais, experimentais, humanas...) dedicadas a analizar (e ao cabo asegurar) as estruturas conformadas no mesmo tempo histórico e coa mesma lóxica, e dedicadas a "salvar" o modelo das súas crises sucesivamente en 1973, 1989 e finalmente, despois da longa e grande burbulla, sometido ao *shock* da crise "principiada" en 2008.

Afirmando, por último, que o mesmo concepto de modelo forma parte dun patrón evolutivo que deberíamos superar e que foi construído mediante a enxeñería social, a través das novas ciencias sociais como a antropoloxía, a psicoloxía ou a pedagogía

como medio para modificar a cultura, as formas de coñecemento (labregas, campesiñas e comunitarias).

Aspirando a abrir camiño a novos procesos de relacións económicas sociais e ambientais que permitan alcanzar a "felicidade humana" máis universal, solidaria e duradeira posible. O caso é que desde ReVOLTA non pretendemos substituír un modelo único e definido por outro novo senón que aspiremos a definilo sobre algúns principios como os sinalados; de carácter democrático, universal, igualitario... que podemos conectar coas definicións e o alcance da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Para facer operativas estas ideas, apuntamos e reflexionamos a continuación os seguintes conceptos: Sustentabilidade, Agroecoloxía, Innovación e Ciencia-Coñecemento.

1. Sustentabilidade, entendida como substantivo e non como adxectivo do crecemento ou do desenvolvemento económico. Desde ReVOLTA quérese superar o concepto de desenvolvemento ou crecemento sustentable, polo demais non só moi empregado dende a súa definición en 1989 senón priorizado en case todos os programas de investigación e presente como adxectivo en todo tipo de ideas, conceptos e artefactos e procesos. Nesta rede a sustentabilidade sérvenos, pois, como substantivo, como concepto integrador das dimensións ambiental, social e económica derivadas da xerarquía de sistemas comentada previamente.

Esta sustentabilidade refírese á capacidade que os sistemas rurais, os agroecosistemas, teñen para reaccionar ás presións ou perturbacións ás que son sometidos mediante novos arranxos dos ámbitos ambientais, sociais e económicos. E aí atópanse coa idea de resiliencia. Incorpora, así mesmo, unha dupla perspectiva: a intraxeracional, respostas aos problemas do medio rural hoxe en día, e interxeracional, que efectos teñen as nosas accións actuais para as xeracións futuras.

2. Eses arranxos ou reconfiguracións dos sistemas rurais desde a perspectiva da sustentabilidade son parte do que se coñece como a proposta da **Agroecoloxía**. Na súa expresión máis completa interpretámola como unha metadisciplina, que asume elementos da historia, da economía, das ciencias naturais da antropoloxía e da agronomía pero tamén do coñecemento común ou popular e incorporando a diversidade de valores e perspectivas sinaladas anteriormente. Incorporámola, en todo caso, como un marco de investigación para traballar coa sustentabilidade converténdoa nun obxectivo social de primeiro orde. Seguramente cumpriría intentar definir e perfilar o que aquí entendemos por Agroecoloxía, que forma parte da denominación da rede dende o principio e está incorporada ás posicións teórico-metodolóxicas do traballo de varios dos grupos que conforman a rede. Porén, dada a rica diversidade disciplinar da Rede, composta en 8 grupos e 8 áreas de coñecemento diferentes, inevitablemente contén diferentes nocións semánticas e conceptuais da agroecoloxía e apostamos, máis ben, por manter unha visión da agroecoloxía como unha nova ciencia holística de coñecemento, unha ciencia posnormal, que engloba unha proposta produtiva que vai alén

da agricultura ecolóxica e da agricultura tradicional e que defende unha proposta política onde necesariamente se combinan as dimensións ambientais, sociais e económicas. É só un espazo de encontro –iso é a rede– onde experimentar, coñecer e avanzar na indagación, cos diferentes bagaxes disciplinares que converxen na rede. Máis nada e nada menos.

3. O concepto de **innovación** é tamén central nas nosas formulacións. Está cargado de significado positivo pero é máis polisémico que os anteriores. A innovación non é (non ten por que ser) sinónimo de progreso ou crecemento, mesmo é compatible con resistencia, resiliencia ou estabilidade historicamente no mundo labrego. A innovación non só é tecnolóxica ten que ser tamén social e implica tamén a incorporación de saberes de orixe científico-técnico, na versión do século XX, e mesmo de modo significativo tamén aos científicos como corporación, ademais de ao Estado e ao mercado.

A creación de espazos anfibios de colaboración empeza a pensarse como importante para comprender determinados procesos de innovación agraria no pasado. Uns espazos de comunicación entre científicos-compañías-labregos nos que se producía a innovación máis que a difusión ou a incorporación de innovación. Na Europa de entreguerras desenvólvese un modelo singular de innovación, intensificación e intervención da ciencia que podemos identificar co agrarismo chaianoviano; un modelo no que funciona o “aprendendo cultivando”, no que poden identificarse formas de innovación colectiva, superación dos custes comunitarios da innovación como o custe do ridículo

e tamén formas cooperativas de organización que permiten aos labregos/as (ás comunidades) participar dos mercados de insumos e de produtos dunha forma vantaxosa para eles ou ás veces, cando menos, defensiva (que os protexe pero lles facilita a intervención).

Analizando a innovación no rural cómpre identificar as resistencias, non só as “adopcións” e empregar a análise das resistencias nos procesos de innovación para descubrir as lóxicas de poder –non só as económicas e as agronómicas– que os ilustran e os guían; para apreciar os poderes que actúan e como son ou non vencidos no xogo político ao longo do tempo (s. XX). Foron precisamente os científicos chaianovianos de entre guerras quen atoparon mecanismos para recoñecer as resistencias, interpretalas, definir os límites sociais da innovación e deseñar innovacións na medida dos labregos neses espazos anfibios. Nalgúns casos foron derrotados como os “narodnikis” rusos, noutros triunfaron claramente como en Suíza ou Dinamarca.

4. Ciencia-coñecemento: No marco do mundo agrario e dos espazos rurais non asumimos unha versión pechada de ciencia nin tampouco do coñecemento como algo puramente letrado. Hai un longo e acumulado coñecemento situado e iletrado (non letrado) mal chamado tradicional que non pode ser substituído pola idea falsa do período da “grande modernización” de que os labregos non saben facer o seu traballo, non o coñecen e polo tanto deben reaprendelo/aprendelo para desposuírse do vello e antigo coñecemento que os mantén no atraso.

Non hai claridade absoluta nin acordo, nin consenso (porque non queremos formular os vetos que implica) para dar versións unívocas deste conceptos. Pola contra parece moito máis rico, creativo e xerador de coñecemento público pór en vivo os matices dos debates que se encerran na rede sobre estas catro cuestións (e pode que algunhas outras máis). Explicitar pois as diferentes visións e o noso propio debate pode ser enriquecedor para os lectores e interesados nestes trelos. Evitamos así, ademais, un risco frecuente: o de non dicir nada para evitar evidenciar as diferenzas e garantir unha coherencia que se converte inevitablemente en banalidade, lugares comúns, sumas de relatos herdados e tópicos comunmente admitidos. Preferimos a incomodidade e a inseguridade da discrepancia que a suposta seguridade inane do consenso forzado para “quedar ben”.

A CUESTIÓN RURAL-URBANO: ¿UNHA RELACIÓN DE DEMANDA?

Entendemos que dende a Rede ReVOLTA deberíamos comezar por cuestionarnos que tipo de relación se pode ou debe establecer entre o rural e o urbano. Realmente é una relación de demanda por parte do urbano, e así deseñar a oferta correspondente dende o rural? Ou debe ser unha relación de re-conexión entre os dous mundos, actualmente case que totalmente desaparecida. Se aínda existise esa relación de demanda, podemos partillar que o monocultivo do eucalipto ou do leite ocupa a meirande parte no nosos territorio respondendo verdadeiramente a unha demanda por parte do urbano? A feroz crítica do ‘feís-

mo' nas aldeas é unha real demanda dende as cidades? Non hai unha demanda dende o rural na cuestión do 'feísmo' no urbano? Está a orixe da demanda na sociedade (urbana) ou corresponde a unha posta na praza pública dos intereses moi particulares de determinados sectores? Se entendemos que a sociedade é única, a re-conexión rural-urbano é fundamental para asegurar unha boa existencia da sociedade en xeral, e cinguirnos soamente a unha relación de demanda debería, cando menos, ser analizada en profundidade. Sen que o rural sexa colonizado, por suposto.

O obxectivo inicial no noso caso debería ser establecer un marco de discusión para a análise desa relación, e presentala dende un proceso de diálogo equilibrado, mais aló dun paradigma puramente economicista de demanda-oferta. Ademais debemos ser conscientes que as demandas non agroman por obra das divindades, senón que son fomentadas en función de intereses diversos, algúns lexítimos, outros non tanto.

Partindo de que estamos a participar nunha rede de agroecoloxía, o noso papel sería subministrar información que estableza ou axude a establecer esa relación de equilibrio con coñecemento de causa (parece que o subministro de alimentos so é unha demanda do urbano que non pasa máis aló do supermercado).

Salientar a importancia desa produción de alimentos de maneira digna, alimentos sans, con mínimo impacto ambiental e máxima distribución de riqueza. Salientar o fundamental da preservación dos servizos ecosistémico ou a conservación non só estrutural, senón tamén funcional, do patrimonio agrario como unha de-


manda xeral da sociedade. Xerar esta dinámica de comunicación é un alicerce básico para establecer o diálogo rural-urbano.

O subministro de servizos fundamentais para a sociedade xoga moita importancia nese entendemento, e a falla na transmisión deste aspecto pode levar (e leva) á contemplación das aldeas como "parque temático", do "que bonito para gozo no fin de semana" ou de residencia na natureza, onde calquera actividade asociada á agrogandeiría que poida "alterar" esa demanda terá que ser convenientemente regulada dende a administración, e tamén dende o despotismo pouco ou nada ilustrado, mais si moi interesado de determinados sectores puramente urbanos.

Dende a outra cara, unha vez entendida a importancia dos "produtos" rurais, será máis doado tamén percibir a lexitimidade e necesidade de remuneración por ditos servizos/produtos.

En resumen, propoñer trabes dende o a agroecoloxía (dende o novo contrato socio-científico en xeral) que permitan entender esa relación e fundamentalmente, e ademais debe reflectir a necesidade de ter e desenvolver dita re-conexión.

DIAGNOSE



É preciso realizar unha diagnose que abrangade a análise a nivel mundial, seguindo pola europea para chegar á galega.

O obxectivo debería ser determinar aqueles elementos comúns e específicos do caso galego no contexto internacional e sobre todo no de Europa.

Como debemos considerar a nosa agricultura? Segue algunha tendencia similar a que podemos atopar nos outros dous niveis? é moi diferente? Podemos encadrala dentro dalgún modelo xa preexistente (total ou parcialmente), e en que medida pode contribuír no desenvolvemento do posíbel modelo no cal se encadre.

A AGRICULTURA, A ALIMENTACIÓN E OS ESPAZOS RURAIS NO MUNDO

As grandes cuestións a comezos do século XXI. A realidade e os temas centrais de debate en Europa:

- Cómpre analizar os sistemas de produción agraria e alimentaria predominantes a nivel mundial así como o sistema agroalimentario globalizado. Nese contexto hai que encadrar a estrutura socioeconómica das áreas rurais onde se observa unha importancia crecente das actividades e fontes de ingresos non agrarias.

Non se pode ser alleo aos principais problemas ou cuestións de debate a nivel mundial, e aínda que só podemos nomealos, cómpre telos presentes. Entre eles están:

- O debate sobre a produción/dispoñibilidade de alimentos. É preciso analizar os problemas relacionados coa dispoñibilidade de alimentos, a persistencia da fame e a malnutrición; así como as cuestións relativas á calidade dos alimentos e os efectos sobre a saúde.
- O debate sobre as estruturas produtivas na agricultura e na cadea alimentaria (dominio de grandes explotacións, acaparamento de terras, control crecente da cadea alimentaria por grandes empresas transnacionais).
- Os problemas sociais: as estruturas sociais vinculadas á produción agraria; estrutura social, desigualdades e condicións de vida da poboación rural.
- Os problemas ambientais derivados dos actuais sistemas de produción agraria e alimentaria.
- As funcións da agricultura para o conxunto da sociedade e os seus cambios nas últimas décadas: Produción de alimentos, subministro doutras materias primas, servizos ambientais e outros bens públicos.

A AGRICULTURA, A ALIMENTACIÓN E OS ESPAZOS RURAIS EN GALIZA

Neste contexto cómpre achegarse aos problemas actuais da agricultura e do rural galego. Desde o noso punto de vista existen tres cuestións claves a debater e resolver:

- Os problemas que presentan hoxe a agricultura e o medio rural en Galicia son só un problema de modelo ou teñen. en boa medida, a súa orixe na forma concreta en que se ten desenvolvido ese modelo?
- Dos grandes problemas mencionados a nivel internacional, cales están presentes no caso galego e cales non? Nunha imaxe global, somos un exemplo extremo deses problemas ou, polo contrario, unha referencia para posibles desenvolvementos alternativos?
- A enorme diversidade histórica da agricultura galega: As diferentes agriculturas. A heteroxeneidade moito maior dos espazos rurais nas diferentes comarcas.

Encadrados nestas tres coordenadas os principais aspectos a analizar deberían ser:

- 1.** Cales son os modelos agrícolas posíbeis (alta ou baixa diversidade) e cales son os máis axeitados á nosa realidade

2. A produción de alimentos: cantidade, calidade, diversidade ambiental (conservación de variedades) e diversidade para o valor nutricional.

3. Tipos de comercialización/canles de venda: proximidade, etc.

4. Relacións cos aspectos sociais. Como son neste aspecto os distintos modelos que podemos diferenciar e en que medida contribúen a crear/estabilizar/mellorar a rede social e como inflúen no manexo do común.

5. Relacións cos aspectos ambientais: capacidade do modelo agrario en cuestión para minimizar os impactos ambientais propios da actividade agrícola: contaminación por produtos fitosanitarios e exceso de nutrientes aplicados. Fertilización orgánica vs. Mineral. Modificación na estrutura da paisaxe e capacidade de conservación das especies e dos ciclos/servizos ecosistémicos.

6. O benestar animal en función do modelo produtivo. O pastoreo. A extensividade.

7. Análise dos distintos usos/ocupación do territorio e a súa implicación nos diferentes modelos de produción. A influencia débese a unha planificación previa dos usos do espazo e os modelos agrícolas adáptanse, ou é a planificación previa do modelo/s agrícola/s o que determina o tipo de ocupación do territorio? Podemos encaixar a totalidade dos casos nunha ou outra perspectiva, ou atopámonos con situacións intermedias?

8. Como xestionar a crecente separación entre poboación rural e espazo rural que se está a dar nas últimas décadas, de tal modo que non existe unha relación mecánica entre abandono de terras e despoboamento, nin tampouco entre dinamismo demográfico e adecuado aproveitamento do espazo rural. Nun plano máis xeral, encontramos unha discordancia cada vez maior, e unha relación cada vez máis complexa, entre os propietarios das terras, os habitantes de cada concello rural e as persoas ou empresas que desenvolven a súa actividade nese territorio.

9. Relacións dos usos do territorio coa pirámide demográfica e viceversa. A demografía relacionada coa demanda e fornecemento de servizos e necesidades asociadas á calidade de vida.

10. Análise das políticas aplicadas: resultados, relación coa estrutura ocupacional do territorio e a xestión administrativa correspondente aos distintos niveis da referida estrutura. Dáse unha planificación organizada tendo en conta as diferentes estruturas ou son aplicacións puramente sectoriais sen conexión entre elas?

En resumidas contas, trátase de enfrontar as cuestións fundamentais que resumen a problemática actual do medio rural en Galiza, entre elas, as seguintes:

- A cuestión demográfica.
- O problema da terra e o uso sustentable do territorio.

- O deterioro ambiental, froito das posibles consecuencias do abandono e dos malos usos.
- A falta dunha política clara de ordenación territorial, mesmo o seu sentido e a lóxica na toma de decisións.
- O problema dos sistemas produtivos na agricultura e a baixa eficiencia no uso dos factores.
- O baixo nivel e crecente inestabilidade dos ingresos dos agricultores.
- O problema agroindustrial; debilidade da industria agroalimentaria.
- A situación dos mercados: limitado abastecemento da demanda interna e escasa capacidade exportadora; o déficit estrutural da balanza agroalimentaria.
- A cuestión do futuro económico global das nosas áreas rurais: o rural xa non é (só nin principalmente) agrario, pero aínda non sabemos se é outra cousa.
- A crecente separación entre poboación rural e espazo rural. Como xestionalo?
- O acceso aos servizos e a calidade de vida, xa que o rural segue rexistrando enormes deficiencias no acceso aos

servizos básicos para a poboación e as empresas (saúde, educación, atención á infancia e á poboación dependente, acceso ás TIC).

- A estrutura do hábitat e o esquema de gobernanza do mundo rural (estrutura administrativa e niveis institucionais ou de goberno máis adecuados para a realidade actual).

A GALIZA NO CONTEXTO GLOBAL PRODUCCIÓN DE ALIMENTOS E SOBERANÍA ALIMENTARIA

A nivel mundial a produción de alimentos parece ser suficiente, mais o principal problema radica na falta dunha distribución equitativa dos mesmos e un control determinado polos mercados co obxectivo básico de xerar beneficios económicos. En Galiza podemos considerar que non somos autosuficientes na relación produción/demanda, aínda que moi ben poderíamos selo, e que o mercado como elemento "controlador" fundamental non pode ser considerado como o único actor que xestiona o reparto dos produtos. Pode ser que o noso autoconsumo e comercio de proximidade xogue un papel importante (e non vergoñento) para unha parte da nosa agricultura, e que este factor sexa clave para o mantemento de unidades de produción de carácter familiar, contribúa a redución das emisións de CO₂ (o 25 % do transporte na UE está asociado ao sector alimentar- 6 % das emisións de CO₂, procesado/empaquetado-10 %, refrixeración 4 % "Informe Alimentos Kilométricos". Amigos de

la Tierra, 2012.), facilite a existencia do pequeno comercio local, contribúa a un reparto máis equitativo do beneficio económico e a modelos de soberanía alimentar e alimentación saudábel.

A nivel mundial o 50 % do producido industrialmente acábase perdendo entre a granxa e o supermercado, sendo estes desfeitos os responsábeis do 4 % das emisións no ámbito mundial. Tanto a nivel mundial como europeo podemos atopar exemplos/tendencias que van polo mesmo camiño, e enfrontadas cara a tendencia mundial de centralizar a produción agrícola en cinco cultivos industriais: soia, cana de azucre, aceite de palma, millo e colza.

Nos EE. UU. por exemplo estanse a facer estudos sobre bacías alimentares, é dicir, determinar que zonas poderían abastecer mediante un comercio de proximidade relativa ao centros de demanda. África tamén é obxecto de estudo, e tamén Brasil, a relación entre diversidade de cultivos e, polo tanto, diversidade de produción de alimentos, e capacidade nutricional (dieta equilibrada) que chega aos mercados dependendo de dita variabilidade no cultivo e produción. Normalmente a maior variabilidade e equilibrio nutricional asóciase a explotacións familiares.

Outro exemplo coñecido, e non o único, é o fomento do comercio agrícola de proximidade (produtor-consumidor) de grandes capitais europeas como París ou Amsterdam. Do mesmo xeito en vilas de tamaño intermedio holandesas estase a fomentar a agricultura periurbana como subministradora de alimento de proximidade e como ferramenta de divulgación agrícola/ambiental. No caso da Galiza a actividade asociada as unidades de

produción agraria de carácter familiar, e tendo presente a dispersión na ocupación do territorio, deberíase considerar baixo o paraugas do concepto periurbano.

No aspecto da produtividade agrícola son claros os datos obtidos tanto por estudos particulares como por institucións internacionais, os cales indican que as pequenas explotacións son máis produtivas por unidade de superficie que as explotacións industriais (Instituto Rodale, 2012, UNHRC-Schutter, 2004, EUROSTAT, 2011). Como conclusión diríamos que polo menos unha parte importante da nosa actividade agraria entróncase cos modelo na cima reflectidos estando, polo tanto, na mesma liña é en boa posición de proposición para a aplicación, estudo e desenvolvemento de ditas tendencias mundiais e europeas.

A soberanía alimentaria, asociada á seguridade alimentaria é un aspecto fundamental de preocupación tanto a nivel mundial como europeo, tanto para asegurar alimentos en cantidade e calidade suficiente, como para a preservación de características socioculturais e de diversidade de cultivos asociados. A nivel global é unha perspectiva desenvolvida pola Vía Campesina, que acuñou o termo en 1996 para referirse a un proxecto político e social de transformación das relacións de produción e consumo de alimentos, e defendida hoxe activamente tanto polas ONG (como por exemplo a GRAIN, organización internacional que traballa apoiando a labregos e labregas en pequena escala na defensa se sistemas alimentarios baseados na biodiversidade), como por organismos oficiais (FAO, FIDA). Na Europa é salientábel o caso francés, onde xa dende os anos 70, e de maneira mul-

tidisciplinar, existe o debate sobre a soberanía dos agricultores e agricultoras para incidir sobre as propostas lexislativas da UE e políticas asociadas á PAC posteriormente, que favorece a agricultura industrial e aos grandes mercados como xestores da agricultura. En Galicia esta preocupación parece claro que non está na Administración, mais si en "novas" iniciativas relacionadas coa agricultura sustentábel, a soberanía alimentaria e a toma de decisións sobre que producir e o fomento de mercados locais.

USOS E OCUPACIÓN DO TERRITORIO

Na ocupación do territorio podemos considerar que seguemos a mesma tendencia mundial no referente a reforestación: aumento da cuberta forestada, mais coa substitución das especies autóctonas por cultivos forestais: palma para aceite en Indonesia, eucalipto na Galiza. No noso caso parece que seguimos a tendencia mundial, mais non a europea, xa que semella que soamente España (Galiza) e Portugal están neste proceso, substitución da cuberta de especies autóctonas por monocultivo intensivo de eucalipto ocupando amplas superficies do territorio, e non soamente as de clara vocación forestal, senón tamén asolagando terras de vocación manifestamente agrícola, ou de monte non soamente óptimas para o monocultivo forestal, deixando na beira o concepto de multifuncionalidade do territorio e da actividade forestal. A influencia sobre a actividade das explotacións familiares e en xeral é múltiple: diminución na dispoñibilidade da mellor superficie de capacidade agrícola, impacto negativo sobre o aproveitamento de pastos (silo ou herba seca contaminada polos filodios dos eucaliptos no son aceptados

polos ruminantes na alimentación), hábitat non apropiado para aves (desaparece o servizo ecosistémico de control natural de pragas polos insectívoros), maior eficiencia na captación do recurso hídrico, e fomento da escorrentía da auga fronte ao proceso de filtración (alteración do ciclo hidrolóxico), efecto sombra nos cultivos adxacentes pola altura que acada e comportamento como especie invasora. Este aspecto si que parece unha característica específica do noso país, e máis se comparamos con outras zonas do Estado español, o que nos leva unha vez máis a reincidir na importancia da presenza das explotacións familiares no territorio como un modelo máis rico dende os tres pés da sustentabilidade: social, económico e ambiental. Esta idea é a fibela que nos permite salienta a importancia do modelo de monocultivo mais tamén na actividade agraria.

A nivel mundial é evidente a tendencia/presencia e presión das grandes multinacionais para concentrar a produción de alimentos en moi poucas especies, ademais do fomento do control da reprodución de ditos cultivos mediante os transxénicos. Neste aspecto parece que seguimos igualmente a tendencia mundial, e afastámonos da europea. Presentamos unha clara aposta polo monocultivo do leite, con introdución de forraxe transxénico (millo) ou pradeiras polifitas (que coa aplicacións dos xurros quedan en monofitas), en substitución dos prados tradicionais con alta diversidade florística, importante tanto dende o punto de vista da conservación da flora como de subministro equilibrado na dieta para o gando (nutricional e farmacolóxica). Noutros países europeos (Alemaña, Italia, Francia) dáse un maior control ou prohibición de transxénicos.

Por outra banda si que parece que na Galiza fomentouse un modelo produtivo intenso que é evidente que tamén existe a nivel mundial-europeo. Quizá a diferenza está que noutros países hai unha maior preocupación polo impacto que este tipo de manexo intensivo pode ter no benestar animal e a importancia que pode ter o pastoreo na saúde animal e na facilidade de manexo da cabana gandeira (os ruminantes son en xeral animais sociais), a interacción entre eles e co ser humano é un factor clave na facilidade de manexo do rabaño (traslado, atención no parto), ademais de ser un elemento preventivo en lesións do animal por falsos movementos. Neste apartado parece que no noso caso abandonouse esta preocupación ou demanda, mais persiste en países como EE. UU. ou Francia.

Dende o punto de vista demográfico é claro que Galiza é un caso paradigmático de pirámide invertida e do grande desequilibrio poboación rural/urbana (isto último tamén como tendencia mundial). Estase a aproveitar dito feito para promover modelos industriais de produción nos cales o propietario/a xoga cada vez un papel máis residual, como mero intermediario necesario na cadea de produción, mais practicamente sen control sobre os medios de produción e sobre o mercado de insumos e produto final. Os casos paradigmáticos neste aspecto volven ser o monocultivo do leite (prezos de pensos / enerxía e prezo do leite), e o monocultivo de eucalipto (Lei de Montes "os propietarios son estorbos, sobran") e as granxas industriais avícolas e de porcino. Ademais podemos dicir que as características demográficas do rural son empregadas como razóns para o desmantelamento dos servizos de saúde, asistencia aos maiores e de educación.

Nestes dous últimos aspectos a comparación con Europa e o mundo semella complexa, xa que estamos a falar de propiedades/características moi particulares de demografía e dispersión e fragmentación territorial, que entendemos precisa de estudos de casos, mais que a escala xeneral.

AS FONTES ENERXÉTICAS A UTILIZACIÓN (PREOCUPACIÓN POLO USO) DE COMBUSTIBLES FÓSILES.

É evidente a preocupación tanto a nivel mundial como europeo no referente á necesidade de ir cara un descenso no consumo deste tipo de combustibles. Mais en casos particulares son salientábeis as iniciativas que xa se dan Francia para a volta a tracción animal. En xeral, e particularmente na Galiza, este aspecto parece non estar presente, e dende o punto de vista da Administración séguese a incentivar o funcionamento do sistema á adquisición de cabalos de forza e a seguir empregando o nivel de mecanización/automatización como indicador de evolución positiva do sistema.

Neste apartado, o papel da Administración parece enfocarse única e exclusivamente no emprego de biomasa como alternativa parcial ao consumo fósil, sendo moitas veces esta aposta competencia directa fronte ao cultivo para consumo humano ou converténdose nun sumidoiro de extracción intensa de nutrientes do sistema forestal sen proceso de recuperación. Esta visión coincide cunha tendencia mundial (pensamos que non concorre en Europa), onde ao traveso de grandes multinacionais estase

a fomentar a produción dos mal chamados combustíbeis verdes ou ecolóxicos (cultivos enerxéticos), que realmente supoñen a ocupación de florestas orixinais (Jatropha no Chaco) ou competencia /desabastecemento alimentaria (Brasil e cana de azucre, EE.UU.-México coa crise do subministro do millo e o desvío do fin alimentario para o fin de produción de bioetanol). A utilización da produción agrícola (monoculturas) para a produción de biocombustíbeis non soamente supón un desvío importante do obxectivo inicial da produción agrícola (alimentos), senón que tamén presenta un impacto ambiental moi importante: contaminación por exceso de nutrientes, diminución do carbono acumulado no solo, emisión de óxidos de azoto e igualmente diminución das taxas de polinización e control biolóxico de pragas (Meehan et al, 2013) son o resultado do aproveitamento do millo para bioetanol como monocultivo anual nos EE.UU. (40 % dos cultivos de millo van para este fin, empregándose o 100 % do grao e o 38 % dos carolos). Inclusive, existen cultivos máis diversos e perennes que aportan un maior poder enerxético con menor impacto ambiental en relación aos factores enunciados (e.g. trebo, dátilo).

ESTRUTURA DA PAISAXE E ABONOS ORGÁNICOS

A importancia da estrutura da paisaxe e o emprego de abonos orgánicos son ferramentas básicas que axudan tanto a produción agrícola (polinización, control natural de pragas, xestión da auga) como conservación da diversidade biolóxica, de cultivos e aspectos socioculturais relacionados (refuxios bioculturais).

Na Galiza esta preocupación parece moi débil, xa que entre outras cousas a agricultura comercial segue apostando polo monocultivo é homoxenización do territorio, é dicir, diminución da variedade de cultivos e desaparición das infraestruturas ecolóxicas (sebes, bosquetes) básicas para o desempeño das funcións mencionadas anteriormente. Por outra banda o fomento dos abonos minerais ou de orgánicos moi específicos como os puríns supón un impacto ambiental moito maior fronte ao esterco, cun potencial fertilizante menor. mais dada a presente situación, podemos considerar que o noso país aínda pode ser tido como un modelo a seguir dende varios aspectos:

Aínda conservamos unha estrutura da paisaxe con infraestruturas ecolóxicas (sebes, balados, vexetación forestal remanente) que permite manter un servizo ecosistémico de polinización importante, e que, ademais, a súa potencialidade está asociada á diversidade de cultivos e superficies cultivadas a pequena escala (Kennedy et al, 2013). Tamén aínda nos caracterizamos por ter nivel de materia orgánica importante nos nosos solos, cando no ámbito mundial os solos perderon o 30-75 % da súa materia orgánica, concretamente os das pradeiras o 50 %.

O fomento do uso dunha materia orgánica máis estábel, con menor potencial de perda por escorredura e unha maior capacidade para a estruturación do solo e fomento dos invertebrados edáficos –esterco ou o compost– sería a chave para o mantemento da materia orgánica, da calidade do solo e da fertilidade/ produtividade (maior retención da auga do solo, menor erosión,

regulación no equilibrio acedo-base, maior actividade biolóxica do solo e protección contra pragas). Esta recomendación caería dentro da proposta mundialmente aceptada que asocia o sequestro do CO₂ e a reincorporación do C ao solo, mediante prácticas agrícolas coidadosas e a conservación dunha estrutura da paisaxe que responde ao modelo de mosaico ou en "bocage".


A separación que se estableceu dende hai uns 60 anos no sistema monte-espazo agrícola xogou un papel negativo fundamental, rompendo a fonte de subministro básico de materia vexetal para a produción do esterco. Ademais mudou por eliminación o concepto ecosistémico-tradicional de monte polo de espazo forestal. Deuse polo tanto non soamente unha mudanza no uso equilibrado no binomio monte-agro, senón tamén unha ruptura sociocultural na percepción dos usos e potencialidades, sempre maiores e máis equilibradas, do ecosistema monte fronte a ecosistema forestal (especie introducida).

Tanto no monocultivo forestal como no monocultivo do leite semella que primeiro se definiu o modelo baixo factores puramente económicos e intentouse mudar as bases produtivas socio-territoriais iniciais para adaptalas a dito modelo preestablecido. Neste momento aínda temos na Galiza exemplos representativos do senso oposto, as explotacións familiares como análise empírico previo-histórico das características/potencialidades do territorio e desenvolvemento dunha actividade que se adapta e emprega esas características e o seu coñecemento para obter un resultado de beneficio económico-social e ambiental.

Este modelo débese considerar en permanente evolución, xa que non se trata dunha volta atrás. Entendemos que debemos aproveitar os aspectos máis positivos da nosa estrutura agraria, como por exemplo o minifundismo funcional, a selección de parcelas axeitadas para cada tipo de cultivo/necesidade produtiva, unha especie de agricultura de precisión e que tamén podemos considerala en boa parte como precursora do que actualmente coñecemos como permacultura. Finalmente dicir que se fai evidente que tanto as canles de comercialización e de comunicación están no cadro contemporáneo.

Como conclusión, e a maneira de introdución dos vimbios do seguinte apartado, na rápida análise da situación do caso galego poderíamos afirmar que aínda temos (polo menos en parte) unha agricultura que se sitúa nun inmellorable punto de partida para sumarse ao desenvolvemento dun modelo, con consideración tanto a nivel europeo como mundial, na procura dun baixo impacto ambiental, dunha alta produtividade por unidade de superficie e capacidade de distribución equilibrada de riqueza socioeconómica entre os distintos actores, ademais de favorecer a dispoñibilidade dunha dieta equilibrada para a poboación e dunha revitalización/rehabilitación da comunidade nas nosas aldeas.

O RURAL EN POTENCIA



Vimbios para facer un cesto

Nun contexto de crise globalizada estamos obrigados a repensar a vida en clave de sustentabilidade de todo tipo (social, económica, ambiental...) e cómpre, polo tanto, a procura de alternativas que nos axuden a facer fronte a esta situación. Queremos detectar que experiencias poden contribuír a bosquexar o(s) vimbio(s) que, construídos colectivamente, procuran producir outros custos nos que non perdamos sempre os mesmos.

A historia demostra que en Galiza temos un pasado de agricultura exitoso que acumulou saberes e coñecementos moi precisos sobre a contorna e o manexo dos recursos naturais. Malia todo, dende os paradigmas da economía convencional, que toma o mercado como único elemento asignador de valores, tense construído un discurso do atraso que no imaxinario colectivo se traduciu en auto-odio e desprezo polos saberes ancestrais.

Non se trata de idealizar as comunidades labregas do pasado e propor unha volta atrás sen máis, senón rescatar os elementos útiles á hora de construír un modelo máis sustentable e respectuoso coas persoas e a natureza: formas de sociabilidade e de facer comunidade, colectivización de saberes, manexo dos recursos dende a multifuncionalidade do territorio e a integración de usos agrarios e silvopastorais, substitución de enerxías fósiles, etc. En definitiva, trátase de que as comunidades rurais adquiran protagonismo político no proceso de transformación

socioecolóxica que estamos a vivir de cara a unha sociedade menos dependente do petróleo nun contexto de crise climática.

Tendo en conta que a agrogandeiría industrial xunto coas actividades derivadas de transformación e transporte é unha das principais actividades emisoras de gases de efecto invernadoiro que contribúen ó cambio climático (Informe "Alimentos Quilométricos", Amigos da Terra), temos a responsabilidade de potenciar un modelo de produción e distribución de alimentos que non dependa masivamente dos insumos industriais e das enerxías fósiles. Outro modelo de agricultura pode contribuír á mitigación dos efectos do cambio climático e ó fornecemento de servizos ambientais que garanten a calidade da vida tales como a conservación da biodiversidade, a limpeza da auga e do aire etc.

En Galiza, a agrogandería comercial, nun proceso de intensificación evidente, froito tanto do modelo seguido como da falta de base territorial, ten aínda moitas incertezas e contradicións no seu seo. Conviven tendencias á aceleración do proceso de intensificación cara a unha gandería industrial xunto con reconsideracións do mesmo e procesos de 'extensificación'. A situación a día de hoxe podería permitir camiñar nunha ou noutra dirección en función de onde centren as políticas agrarias os seus obxectivos. Semella necesario, pois, unha aposta clara pola 'extensificación' que achegará o modelo a unha maior sustentabilidade.

Nas aldeas dánse, na maioría dos casos, unha serie de praxes que nos reconcilian coa natureza, cos ciclos de vida, con outras formas de entender a sustentabilidade, mais moitas destas practicas, de

novo, foron invisibilizadas. Existen uns discursos intencionados que cómpre revisar, como o de que Galiza é un territorio no que o individualismo todo o condicionaba, vemos como a praxe demostra todo o contrario. A existencia dos montes veciñais son un claro expoñente deste fenómeno que demostra todo un saber facer na capacidade de xestión comunal dun ben. Este fenómeno acredita na potencialidade do traballo en común, así como dunha xestión sustentable dos recursos. A capacidade destas comunidades á hora de tecer unha gobernanza mostra, unha vez máis, como a cidadanía é quen de corresponsabilizarse na toma de decisións.

A pesar dunha perda manifesta de xestión comunal (como por exemplo as mallas...), debido a tecnificación de procesos de produción no rural, seguen sobrevivindo unha serie de comúns que se ven nas redes de apoio mutuo, que noutros territorios máis urbanizados foron substituídas por unha privatización dos coidados. Estas praxes supoñen unha vindicación máis das diferentes formas de facer os comúns. Existe unha comunidade que é quen de xestionar un recurso, neste caso os coidados, e tecer toda unha serie de normas en común, na maioría dos casos invisíbeis, mais que están presentes. O concepto de comunidade sufriu unha evolución, porén segue estando presente, e axuda a pensar que existen alternativas ao individualismo onde a cooperación pode substituír a competitividade. Non se trata de caer nun falso 'buenismo', senón ver que existen estas prácticas e que é preciso darlles o valor que merecen.

Ademais deste discurso en torno ao individualismo existen outra serie de imaxinarios que impregnan calquera debate e que cómpre reler. A cuestión do progreso é unha das teimas de moitos

actores sociais e políticos, e aquí deberíamos preguntarnos a que atende esta idea de progreso, se só a un beneficio persoal ou sectorial ou se, pola contra, somos quen de pensar nun beneficio individual, que non supoña unha perda de benestar para outros.

O ben común, ou o ben vivir supón unha aposta nesta liña de reconceptualizar a idea de progreso, que ha de estar ao servizo dun interese xeral, sen menoscabo da capacidade de poder vivir unha renda digna. A cuestión non é sinxela xa que, como xa se indicou, atopámonos nunha situación de incerteza, aquilo que dende o Colectivo Situaciones se denomina como *impasse*, un tempo de cambio que transita e afecta a moitas esferas da nosa vida. Imaxinar, experimentar, equivocarse, instituír son e serán unha das maiores potencialidades que podemos ter á hora de impulsar outras novas formas de facer.

Nesta situación de crise, sumada a ausencia dunha administración ao servizo dos intereses da cidadanía, é preciso que estes procesos de resiliencia procuren aliados, e sexan quen de establecer ligazóns con outro movementos sociais que se están dando noutros territorios ou ámbitos, como poden ser a aposta pola cultura libre, a defensa dos comúns, os feminismos...

COS PÉS NA TERRA, NA PROCURA DE VIMBIOS QUE NOS AXUDEN

Cómpre ver en que medida as agriculturas actualmente practicadas neste país e as novas experiencias que se están dando no medio rural poden servir de exemplo á hora de procurar

construír outras formas de relacionarnos entre nós, mais tamén co medio que nos rodea.

Unha parte das agriculturas actualmente existentes en Galiza así como estas novas iniciativas comparten elementos identificativos como o artellamento de comunidades, a aposta polo retorno social e ambiental (e non só económico) das actividades produtivas, a fusión de saberes tradicionais e as investigacións máis punteiras, a creación de sinerxias e redes de apoio e coñecemento, o impulso de novas relacións cidade-rural mediante, entre outros, a creación de grupos de consumo ou mercados labregos que practican a comercialización directa en canles curtas, ou o articulado de formas de certificación participativa en agricultura ecolóxica e/ou familiar, como vén de facerse en Portugal.

Mais hai atrancos no camiño, principalmente unha administración ao servizo do modelo hexemónico (capitalista e industrial) e distanciada das necesidades do rural que obriga á creación de novas institucións que funcionan de xeito autoxestionado e independente, e que procuran dar respostas que outras institucións xa non son quen de facer. Estas maniféstanse mediante redes informais, colectivos, mais veñen a ocupar eses espazos que quedaron baleiros. Percibimos, por tanto, a necesidade de mudar as políticas agrarias que incentivan o modelo da agrogandería industrial de mediana e grande escala e cun carácter destrutivo, e que se aposte decididamente pola agricultura sustentable e de pequena escala formulada dende os parámetros da agroecoloxía.

Estas políticas deben incidir tamén nunha ordenación e custodia do territorio que integre este modelo, apostando por outro modelo de infraestruturas máis democráticas e que non procuren unicamente o beneficio das urbes fronte ao resto do territorio, coa conseguinte perda de valores paisaxísticos e ambientais e a fragmentación do rural e das súas comunidades coa construción de estradas, liñas de tren de alta velocidade ou encoros; a licitación de proxectos mineiros e outras actividades extractivas ou a instalación de industrias contaminantes.

O CESTO

O cesto que está en marcha non pode vir sen unha necesaria nova relación cidade-aldea, nin o rural pode entenderse sen a cidade e viceversa. A dicotomía tradicional cidade vs. campo debe ser superada, ao igual que home-muller ou cultura vs. natureza.

É preciso superar estes marcos binarios e tecer outros *cotinuums*, mais para poder simplificar a exposición cómpre que as loitas que se dan no rural teñan presenza na cidade e busquemos esas conexións nesas reivindicacións que comparten outras formas de facer mais sustentables e máis próximas ao bo vivir. O medio rural non debe ser considerado só ese mero espazo produtor de alimentos.

Hai que pensar no dereito a unha vida digna para a xente que vive e a que quere vivir no rural. É preciso atender a parte reprodutiva, os cuidados da vida que historicamente recaen de xeito maioritario nas mulleres, e socializalos nunha cultura non

androcéntrica e patriarcal. A transformación social ten que ser parte desta andaina, reivindicando tamén a alegría como forma de vida: "O lecer fai culler".

É preciso continuar apostando polo mantemento duns servizos públicos no rural e reverter o proceso de desmantelamento da educación pública e sanidade, tan fortemente acuciado nos últimos anos.

Ante unha perspectiva non moi esperanzadora da sustentabilidade do rural por parte dun sistema cada vez máis situado de costas a esta realidade do noso territorio e das persoas, pódese constatar aínda a existencia de casas labregas inseridas no territorio con maneiras diferentes de facer que deben ser valoradas. Así mesmo, pódese constatar o xurdimento dun bo número de exemplos que fan mudar esa visión pesimista imperante, non só no mundo urbano, senón tamén por parte dos propios habitantes do rural galego.

E sería bo para a sociedade a visualización desta realidade e destas experiencias en positivo, pola súa contribución á mellora da autoestima dos poboadores do rural e para ver cun moderado optimismo o futuro de boa parte do noso territorio. Sen dúbida, non son solucións globais ou definitivas que revertan o acelerado proceso de degradación demográfico e ambiental sufrido nas últimas décadas, pero polo menos poden reverter tendencias pouco propicias en moitos lugares, con exemplos que en moitos casos botan a vista atrás para tomar de antigas prácticas o que de positivo tiñan cara á produción e á sustentabilidade ambiental.

A pervivencia dunha agricultura que Oliveira Baptista (2001) chama territorial así como as iniciativas que están en marcha dende hai tempo, ou as máis recentes, froito moitas veces do desencanto nas aventuras urbanas que levan ao paro ou ao inconformismo cun modelo socioeconómico non oportuno, amosan como outras formas de concibir a vida no rural, tanto dende un punto de vista residencial como laboral, son posibles e incluso máis desexables que as que proporcionan outras realidades supostamente máis exitosas nos últimos tempos.

E todas estas ideas postas en marcha, que conviven no espazo coa "nova" ocupación agrogandeira que se apoderou por imposición do noso territorio nos últimos tempos e que non foi precisamente moi exitosa na conservación dos sinais de identidade do noso rural, abranguen moitos aspectos, produtivos e de modelos de vida e sociedade, que contribúen a mellorar as expectativas presentes e futuras, aínda que de momento sexa cunha baixa intensidade. Neste sentido faise indispensable a análise e a avaliación dos xeitos de inserción no territorio e na contorna económica, o que nos pode dar claves para interpretar a realidade e ofrecer propostas cara o futuro.

É moi importante para conseguir unha certa consolidación destes emerxentes sistemas de produción, respectuosos co medio ambiente e coa memoria das antigas prácticas, aínda que coa visión innovadora das novas técnicas, que se vexan acompañadas doutras iniciativas sociais. Teñen que darse una serie de circunstancias que faciliten o desenvolvemento destas novas formas do rural, e non só dende o punto de vista da actividade

económica, senón tamén da vida cotiá das persoas. Experiencias nos eidos da cultura, da educación, da axuda mutua, da integración... que no ámbito rural axudan sen dúbida a facilitar a difusión e mantemento destas experiencias que comezaron a abrollar no noso territorio, facendo mellorar a autoestima da poboación rural e a visión que dela ten a sociedade no seu conxunto.

Por suposto que as experiencias que reflicten as EPIs coas que a Rede foi contactando nestes últimos tempos, e que foron aportando información sobre outra forma de afrontar o futuro, son exemplos que axudan a ser máis optimistas cara ao futuro, a amosar eses xeitos de actuar, en moitos casos herdados do bo facer de esas explotacións, que poden servir de punto de partida para unha nova concepción do rural. En boa medida, estas experiencias manan dese bo facer e desa comunión coa natureza da agricultura dos nosos devanceiros, iso si, coa nova visión que hoxe nos proporcionan os avances tecnolóxicos ben entendidos e aplicados.

**10 EXPERIENCIAS
PRODUCTIVAS
INNOVADORAS**



Ao longo do 2015 e 2016 na rede ReVOLTA fóronse sucedendo unha serie de encontros con Experiencias Productivas Innovadoras (EPI), estas sesións de traballo tiñan como obxectivo coñecer e debater de preto cales son os retos, os recursos e as dificultades ás que se enfrontan estas experiencias, e permitíronnos trazar un mapa da realidade do rural actual. As experiencias coas que participamos nos encontros foron:

MVMC O Carballo

Abonos Lourido

Arqueixal

O Pomariño

CAP A Coruña

Xan Pouliquen

Ribeiregas

Leite O Alle

Labregos de Lugo

Pan de Mar

Vida de Aldea

SAT A Pementeira

Cortes de Muar

Gandería Quintian

Gonzalo Sánchez

DOP San Simón

Coop A Capela

Galletas da Veiga

Souto Activo

Adega Diego de Lemos

Lagar da Ribela

PROMAGAL

O persoal investigador da Rede elaborou e manexou un formulario onde se recollían estas experiencias coas que previamente tiñan traballando para que determinaran entre 0 (completamente en desacordo) e 10 (moi de acordo) os ítems que se considerou que determinaban as características máis singulares dunha EPI. Estes factores son:

- Reivindicación de valores socio-ambientais, ademais do económico.
- Aposta polo común.
- Pluriactividade fronte a hiperespecialización.
- Uso tecnoloxías endóxenas/ tecnoloxías propias.
- Innovación tecnolóxica, social e comercial.
- Combinación de coñecemento adaptativo.
- Redes de cooperación.
- Capacidade de resiliencia.
- Reactivación de recursos abandonados.
- Carácter reproducible.

Para seleccionar 10 Experiencias Produtivas Innovadoras como mostra seguíronse dous criterios:

1. Ordenación polo valor medio obtido para o conxunto dos indicadores.

2. Variabilidade na concordancia dos avaliadores (CATRO) empregando os valores do coeficiente de variación (CV %).

O primeiro criterio parece lóxico: ordenación de maior a menor da valoración conxunta de avaliadores e de variables.

O segundo empregase partindo da hipótese que é "mellor" a escolla daquelas EPIs que sendo as máis valoradas, teñan tamén unha maior concordancia (menor CV) nas valoracións dos "expertos". Neste caso o ideal é que houbera unha correlación continua negativa entre os valores medios e os coeficientes de variación, que é o que se dá no noso caso, xa que temos unha (r^2 (Pearson) = -0,964, $p < 0,001$), mais non é exactamente continua, é dicir, as dez primeiras EPIs máis valoradas non son tamén as dez primeiras cos menores CV.

A continuación damos conta a modo de relato destas dez EPIs.

É unha narrativa que deriva das conversas que mantivemos cos representantes de cada entidade. Trátase dun relato subxectivo que vai alén da mera descrición técnica da EPI.

CMVMC DE CARBALLO

Dándolle unha volta ao monte

www.mvmcdecarballo.com

A Comunidade do Monte Veciñal en Man Común (CMVMC) de Carballo, concello de Friol (Lugo) leva apostando dende hai tempo por un proceso de valorización do mesmo, no que reivindica o monte non só como un piñeiral senón como moito máis.

“E que podemos facer aquí?” preguntouse José Manuel Piñeiral na súa incorporación como presidente da xunta reitora da comunidade. Basicamente este monte veciñal en man común era unha plantación de piñeiros, “nós entendíamos que o monte tiña que ser algo máis, un monte vivo” sinala José Manuel. A cuestión que determinou as accións desenvolvidas nesa comunidade foi: “Que produtos temos e como podemos valorizalos”

Pero como comezaron? Primeiro, rescindindo o convenio coa administración para poder pasar a unha xestión directa, recuperando, polo tanto, a capacidade de decisión. Tras dous anos conseguiron a rescisión do convenio e puideron comezar as actuacións que tiñan como obxectivo valorizar os recursos dos que dispón o monte.

Entre elas destaca ter acadado a certificación da madeira a través

de FSC. Para iso contrataron a unha empresa especializada na xestión forestal e puideron conseguir unha certificación avalada por organizacións ecoloxistas, o que en teoría lles permitiu acceder a un mercado que valoriza economicamente a certificación, e polo tanto supón un maior incremento de ingresos para a comunidade.

Outra das apostas da comunidade foi á relacionada co eido silvopastoril e co mundo equino “fixéronse moitas actividades relacionadas co cabalo, aínda que o principal custe é a rapa das bestas, que é realmente o que mantén vivo o proxecto, non só vivo, senón valorizado pola xente do lugar, o que permite mantelo. Senón o valora a xente do lugar, todo isto acábase” apunta José Manuel Piñeiral. Esta rapa das bestas supón unha actualización de traballos que facían veciños en currais pequenos, que aínda sen ser verdadeiros curros, respondían á mesma función.

Actualmente esta rapa atrae a máis de mil persoas nunha aldea que dispón de non máis de 54 casas. Todo un éxito para unha comunidade que alén de introducir melloras na xestión produtiva do monte, tamén apostou por facilitar procesos de cohesión social como poden ser estas festas.

E se semellaba que con isto a comunidade xa tiña un bo percorrido, as accións continuaron, como pode ser a colaboración coa universidade, participando en diferentes proxectos de investigación ou o desenvolvemento de campañas de sensibilización.

A cultura é ou non é produtiva? Quizais non economicamente pero si produce subxectividades, e por iso esforzáronse en editar unha revista anual, chamada dende o ano 2014: *Un monte de cousas*, realizada en colaboración coa Asociación Cultural Car-

ballo Vivo coa que desenvolven en común diferentes accións, como pode ser a Festa do Comuneiro, un lugar de encontro e socialización dos veciños da parroquia “unha das primeiras e mellores ideas que desde o punto de vista social se fixeron” apunta o presidente desta comunidade de veciños. Ante a cuestión de se a chave do éxito vén máis motivada polo impulso social ou polo pulo á parte produtiva, o presidente indica que “as dúas cousas; evidentemente necesitas que o económico sexa viable para ter marxe para actividades dos socios, as dúas teñen que ir á par”.

En canto a outros aproveitamentos, destaca o micolóxico, sendo certificado polo CRAEGA e tamén a produción de mel ou a produción de porco celta, “a ordenación forestal xa a temos máis ou menos organizada” sinala o presidente do CMVM.

Darlle unha volta ao monte e conseguir unha revalorización do mesmo é posible; e isto é o que están impulsando na comunidade do Carballo, todo un exemplo de saber facer.

ARQUEIXAL

Algo máis que unha produción gandeira

www.arqueixal.com

“Meus pais adicábanse á produción de leite e a vendelo, pero iso íase perdendo” comenta Xosé Luis Carreira, impulsor de Arqueixal, Albá, Palas de Rei. Como os seus irmáns e a maioría dos seus veciños, cando era mozo foise da aldea. Con 26 anos regresou para tratar de emprender algo na casa, no principio procura impulsar unha cooperativa cos veciños da zona, mais non chega a frutificar esa idea. Decide entón arriscarse a producir queixo en solitario.

Vinte anos máis tarde, das 13 vacas iniciais pasan a 30 e producen ademais de queixo, iogur e leite e dende o 2000 en ecolóxico, sempre coa intención de poder diversificar a produción, tratando de vender no mercado máis próximo. “Creo que agora mesmo somos unha resistencia en toda esta forestación das terras agrarias” argumenta Jose Luis e alerta de que se está abandonando moita terra agraria e substituíndoa por eucaliptos, aínda que esté normativa e legalmente prohibido.

Deden Arqueixal practican un modelo en espiral, que procura vender directamente aos propios consumidores, pero tamén

comercializan en pequenas tendas, nalgunha cadea pequena de comercio ecolóxico e, sobre todo, céntranse no mercado máis próximo, motivados tamén pola propia vida útil do leite fresco.

Destaca ademais o subministro a grupos de consumo, do que cre que dan unha maior estabilidade tanto ao produtor como ao consumidor.

Un feito diferenciador desta explotación é a da diversificación e unha aposta continua pola innovación, feito que os levou a impulsar no 2007 unha iniciativa de agroturismo, coa intención de valorizar o que teñen; para iso rehabilitaron un espazo con catro casas no lugar. A autoestima é un dos problemas, sinala Xosé Luis: "Falamos moito do rural pero costa predicar co exemplo".

Cre que hai que vivir no rural e apostar por desenvolver proxectos alí mesmo, de aí a necesidade de crear un espazo como O Parladoiro de Arqueixal, construído e concibido para realizar encontros, charlas e presentacións nun entorno rural como é o de Albá, Palas de Rei, onde se encontra localizada esta Experiencia Produtiva Innovadora.

Neste proceso constante de valorización e de educación reciben visitas de escolares nas que relatan como era a vida de antes, na década dos cincuenta e como é agora, de como ten cambiando o medio rural e de como se ten adaptado aos novos tempos. Estas experiencias e procesos son sementes que irán abrollando no futuro.

Grazas ás dotacións de espazo puideron impulsar unha festa como é a de *Son d´Aldea* na que, contando coa colaboración da veciñanza, facilitaron a creación dun novo lugar de encontro no que "crear autoestima por ser de aldea". Este proxecto, a festa, foi o que posibilitou que o resto dos veciños entendesen por fin o seu proxecto. A festa e a comida é, sen lugar a dúbida, o mellor camiño para entenderse e cooperar na aldea. *Son d´Aldea* ten dado moi bos resultados, acollendo a máis de 500 persoas en cada edición. A participación dos veciños foi fundamental, sen a súa colaboración non poderían térense embarcado nun proxecto de dinamización socio-turístico-cultural destas dimensións, no que procuran unha valorización holística dos recursos da zona "o que buscamos é que a comida sexa de produtos da zona, unha maneira de visibilizar o rural. É un bo sitio para promocionar e é unha boa forma de concienciar os consumidores", apunta Xosé Luis Carreira, volvendo a unha das demandas máis salientables dos produtores, que poñen o acento no papel dos consumidores e da súa responsabilidade no acto da compra. Sen a súa corresponsabilidade, a viabilidade deste tipo de producións non tería chegado nunca.

Xosé Luis Carreira defínese como un fiel defensor das denominacións de orixe, considera que cómpre destacar a importancia que tivo a DOP para unha comarca coma a da Arzúa Ulloa. Sen a existencia dunha denominación de orixe non se terían acadado as altas cotas de produción actuais, que sitúan a DOP como a segunda en volume de quilos en todo o Estado.

Ante a cuestión da situación do sector do leite no período post-cuota, reclama un papel máis activo das administracións; como podería ser o de impulsar a produción de leite en po, o que axudaría a cohesionar os prezos, para non ter a volatilidade que vive o sector na actualidade. Hai futuro no rural, mais hai que traballalo.

ABONOS LOURIDO

O progreso sempre cheira a esterco

www.abonoslourido.com

“Son de aldea, dunha aldea de tantas, de tantas que por desgraza, se están despoboando” di Ramón Lourido, xerente de Abonos Lourido (Rebordechán, Crecente), quen tamén apunta que “eu con 21 anos, con dous rapaces máis, cremos nas nosas posibilidades, fomos ao monte e explotamos o que hoxe sería carne ecolóxica. Tiñamos un rabaño de 600 cabras e aí botamos 5 anos e, no día a día, comprobamos a cantidade de recursos que ten o monte”. O toxo foi sempre un elemento clave no sistema agrario galego, apunta Ramón Lourido, “o toxo xa é rendible economicamente e socialmente ao principio, de feito, estase comercializando toxo picado para cultivo biodinámico”. A consideración de toxo aquí é a mistura entre o propio toxo, herba, arqueixa e feitos.

Para a obtención do toxo, colaboran con comunidades de montes veciñais, esas grandes extensións de superficie comunais que, explotadas con maquinaria axeitada, permiten facer rendible a explotación económica deste recurso. “Hai simbiose entre

a comunidade de montes e a empresa”, tratase dun acordo *win to win* onde todos saen beneficiados. A comunidade non ten que pagar porque alguén lle limpe o monte e Abonos Lourido consegue o toxo preciso para o seu negocio.

Segundo relata Ramón Lourido, o toxo apílase no propio monte case un ano, alí vai compostando só, e baixa de volume. Posteriormente levase á planta, onde entra nun proceso de transformación e se clasifica en pilas, segundo os produtos. O proceso é moi semellante en todas as pilas, vaise volteando até que se considera que está maduro. Neste proceso chégase a acadar temperaturas de até 60 graos.

Na actualidade os produtos que extrae Abonos Louridos son:

- Toxo só compactado, produto que adoita utilizarse para orquídeas.
- Substrato de toxo para plantas, pensado para xardinería, que tamén funciona moi ben na horticultura.
- Raspadallo, recoméndase como emenda e fertilizante orgánico (estando nun proceso moi avanzado de fermentación).
- Horta na casa, semellante ao substrato do toxo, serve para plantar directamente as legumes no saco.

Sinala que os produtos son 100 % naturais, sen uso de químicos e que “o gran éxito de Abonos Lourido foi poder, no século no que estamos agora, levar o toxo a calquera cidade. É un produto que se pode exportar e dunha extraordinaria calidade”. E indica que a chave radica en “adaptar un vello recurso a unha nova de-

manda”, polo que si cre que é posible replicar este modelo noutras zonas. O investimento non é moi alto e sobre a maquinaria empregada tiveron que adaptarse ás propias necesidades que tiñan, innovando e creando unha específica para eles mesmos.

Pero o futuro, como moitos labregos sinalan, é complicado, Ramón Lourido é pesimista co futuro inmediato, pero a longo prazo, pregúntase: “Se non temos futuro no rural, onde o imos ter?” E apunta, unha vez máis, unha das cuestións máis importantes para a sustentabilidade do medio rural: “A clave é o amor a onde un nace” así como o sentido de pertenza, identidade, o aprecio e os afectos polo que temos ao noso redor. Mais, por suposto, considera que isto non é suficiente e reivindica un papel máis activo da administración na defensa do medio rural e no apoio a experiencias produtivas innovadoras como a súa.

RIBEIREGAS

Ou de cando te namoras dunha aldea

www.ribeiregasblog.wordpress.com

“Eu namoreime dun pobo, chamábame moito a natureza e quería coñecer a miña propia natureza”; así se manifesta Cristina de Ribeiregas, unha moza belga que chegou para incorporarse a unha comuna no concello lugués de Negueira de Muñiz. “Quería vivir con pouco, alí tiven dúas fillas. Fomos plantando, conseguimos mercar unha casa e conseguimos vivir en harmonía cos veciños cos que fixemos traballos en conxunto” e isto foi o xermolo da cooperativa Ribeira do Navia impulsada no 2011 na que participan varios veciños do pobo.

Entre os servizos que oferta a cooperativa están traballos forestais, construción sustentable e bioconstrución (sobre todo teñen traballado na construción de lousados) e tamén levan unha liña de formación a través de obradoiros, como pode ser o de elaboración de marmeladas e outros produtos procesados. Entre os produtos que venden está o kiwi, a framboesa ou a horta en xeral, procurando adaptarse ás necesidades dos clientes. Tamén están apostando polo topinambur, moi recomendable para dia-

béticos, segunno indica a cooperativista.

Apunta Cristina que a comercialización dos produtos faise sobre todo a través do Mercado da Terra, que se celebra todos os martes polas tardes e que durante tres anos leva abastecendo de produtos agroecolóxicos a cidade de Lugo. Considera que grazas a este mercado poden establecer unha relación de confianza duradeira cos produtores, existindo todo un entramado social moi interesante detrás destes mercados. Mais a dificultade cos requirimentos burocráticos está limitando a sustentabilidade do propio proxecto. A dificultade de poder acometer investimentos, así como a disconformidade por certas normativas, como pode ser a cloración da auga, supoñen un constante tira e afrouxa na relación coa administración.

Na liña de apostar por alternativas, teñen colaborado con COOP57, cooperativa de servizos financeiros éticos e solidarios que ten como obxectivo principal contribuír para a transformación social positiva da economía e da sociedade, quen adiantou parte dos custes iniciais, o que supuxo un empurrón para montar a cooperativa, así como axudas da propia administración, sobre todo a través do Grupo de Desenvolvemento Rural co que tamén obtiveron fondos para poder emprender proxectos como o que nos relata Cristina.

“O máis difícil é o mundo tal é como está”, afirma, e considera que unha das ameazas máis fortes vén a través dos transxénicos; móstrase moi escéptica co futuro e pide que, como mínimo, se poida “vivir en paz, para darlles aos nosos fillos futuro”. Sinala que é preciso que máis xente se incorpore a traballar no rural.

No seu traballo e na súa zona ve que se necesita máis man de obra. Por exemplo, non se está traballando como se debería o mundo das castañas e ve aí una chea de posibilidades.

E sobre o futuro, Cristina afirma que este debe pasar pola volta ao micro, ao pequeno.

LABREGOS DE LUGO

“A satisfacción chegoume a través da agricultura”

www.labregosdelugo.es

Xulio de Mondoñedo, fillo de Julio e Margarita, xa ía cos seus avós á praza de Lugo para vender os produtos da horta. Tras un tempo experimentando coa imaxe e o vídeo en Compostela, decide volver a Mondoñedo a adicarse “ao que realmente me satisfacía, o que me enchía”: a agricultura. Sinala que “era consciente da incompreensión por parte de moitos”, sabe que este traballo non está recoñecido.

“Levamos máis de 20 anos neste proxecto, somos cooperativistas convencidos”. Aínda así cre que o sector debe estar estruturado e afirma con certo desánimo que “non se están dando pasos para vivir no rural”.

Xulio indica que “sempre pensamos que hai que dignificar a profesión, e téño claro. Eu estou orgulloso do que fago, cos nosos problemas e defectos. Intentamos seguir mellorando”. Mais reclaman un maior apoio ao sector e son, de novo, moi escépticos tanto coas administracións como coas entidades bancarias por non teren apoiado o sector agrícola en maior medida. Aínda así a vontade de seguir animounos a impulsar proxectos como “La-

bregos de Lugo" onde crearon una marca común baixo as características dunha Sociedade de Transformación Agraria.

Daquela vella idea de que o sector non está mecanizado e non é moderno, Xulio, cre que cómpre mudar esa visión e apunta: "Non investimos todo o ben que deberíamos, foi un ensaio-erro".

Levan máis de 20 anos investindo e innovando, procurando adaptarse ás necesidades do mercado, pero indica que "o que falta é un respaldo polos propios consumidores". Só así conseguirase futuro no rural, aínda que no seu caso móstrase optimista: "Estamos consolidados, saímos dos créditos, malo será".

Considera que no mercado hai espazo para unha empresa das súas características, que vende produto fresco e transformados como marmeladas, mais cre que é preciso seguir innovando no día a día, e apunta que un dos puntos a mellorar é o de "tratar de trazar secuencias temporais das vendas e necesidades dos clientes" para, desta forma, poder acadar una maior estabilidade, nesta liña teñen colaborado con outras cooperativas, co obxectivo de mellorar a estruturación do sector e poder adaptarse ás necesidades dos cliente.

Tamén cre que o futuro pasa polo común e polo traballo en conxunto, así o rural e experiencias tan exitosas como Labregos de Lugo terán continuidade.

VIDA DE ALDEA

A estética como motor da innovación

www.vidadealdea.com

Vida de Aldea (San Clodio, Outeiro de Rei) é algo máis que unha explotación de leite de 200 000 quilos de cota, 10 hectáreas de superficie agraria útil e 7 de monte, das cales 5 e medio son de piñeiro e o resto de castiñeiro, actualmente microrrizado. Pero que mais teñen?

Hai 20 anos atrás abren unha explotación, unha SAT xunto a dous veciños. Mais tres anos despois o proxecto fracasa. E como dos fracasos e como máis se aprende, volveron preguntarse "Que facer? O entorno é fantástico, hai que intentar poñer en valor o entorno". A incorporación á explotación de Xosé Ramón Rodríguez facilitou un cambio: "Quería quedar na explotación, pero non a calquera prezo, eu quería vivir nun entorno agradable, no que ter ganas de traballar". Por ese motivo amañaron a corte, asfaltaron algún camiño, crearon un parque nunha das leiras, arranxaron construcións que caían mentres a xente se preguntaba para que; mais Xosé Ramón tiña claro o obxectivo final: estes traballos formaban parte dun proceso, dunha idea que o ía acompañando mentres ía mantendo a explotación.

Comezan co proxecto de aluguer de hortas, proxecto semellante ao das hortas veciñais nas cidades, tratando de incorporar a veciños da cidade de Lugo na produción dos seus propios alimentos. O proxecto comeza a coller forma, van abríndose a visitas de escolares, colaboran con colectivos en risco de exclusión social e, de súpeto, se lle presenta a oportunidade de alugar o espazo para unha voda e vén niso outra potencialidade para a explotación. O proceso comeza a dar os seus froitos.

Á vez foron tecendo redes cos veciños, procurando traballar en común na aldea, coa intención de acometer aquilo que a administración non fai, de tal maneira que sexan os propios veciños os que tomen a alternativa e se poñan a facer. O poder da colaboración e do traballo en común permitiu amañar espazos que doutra maneira estarían degradados.

Xosé Ramón tiña unha certeza, sabía que había unha potencialidade, e que compría esforzarse na diversificación de actividades; que había un camiño por facer e que, á vez que mantiñan a propia explotación, podían adicar parte dos resultados a amañar pendellos da finca e outras actuacións, que, sinala, non supuxeron un investimento forte, e así poder combinar e misturar a idea de granxa escola coa de hortas en aluguer e un espazo de restauración para eventos.

Considera que a chave do éxito foi apostar polo propio e ser quen de verlle a potencialidade da aldea e das estéticas propias do lugar, sempre reforzándoas coas novas necesidades da sociedade actual.

SOUTO ACTIVO

E das relacións de confianza

www.soutoactivo.com

Souto Activo (O Courel) xorde dun grupo de enxeñeiros e as súas reflexións ante a situación do medio rural galego e en concreto en torno á inactividade na recollida de castañas. "Buscar unha relación de confianza co propietario para que eles nos cedan o terreo" é o que procuran os socios de Souto Activo. Así é como puideron arrancar co seu proxecto pola zona do Courel e Chantada. As preocupacións fundamentais dos donos das fincas, son as mesmas que as dos socios de Souto Activo, ver como as terras que traballaran seus pais e avós están abandonadas. Ante isto David Castro sinala que o que ofrecen dende Souto Activo é a limpeza dos soutos e a cambio poder comercializar a castaña dese souto, acordando uns períodos e transcorrido ese tempo reconfiguran a relación a través dunha nova renda variable de aluguer.

Para iso é preciso gañarse a confianza, afirma David Castro, un dos socios de Souto Activo, quen reivindica a necesidade de traballar conxuntamente cos propietarios. Mais sinala que debido a estacionalidade do traballo en torno ás castañas, e como "a ac-

tividade céntrase en dous meses e teño que buscar actividades para o resto do ano, facemos traballos técnicos para compatibilizar, na medida do posible, co traballo de Souto Activo”.

Alén da cuestión da propiedade da terra e da dificultade de coñecer os propietarios dos soutos tamén está a cuestión da calidade da castaña, xa que como sinalou David Castro “a calidade da castaña vén determinada polos traballos de mantemento do souto”.

A recepción dos servizos e produtos de Souto Activo por parte da industria foi moi ben valorada xa que apunta, esta bota de menos certa profesionalización no sector. A industria cómpralles a produción enteira, e máis que mercarían, se foran quen de recoller máis. Vese que neste campo aínda hai espazo para futuros profesionais. Constatan que hai un problema para atopar xente para traballar, por ser este un traballo duro e que require fortes esforzos.

En canto á colaboración con outras empresas, David Castro considera que cómpre mudar o chip das economías de escala e resituarse noutros parámetros; afirma que “hai que buscar aquelas necesidades que temos en común como a comercialización ou a xestoría” ou como chegar ao consumidor e explicarlle de que xeito pode colaborar co rural a través da compra de produtos que valoricen e teñan impacto positivo no medio ambiente.

O socio de Souto Activo apunta que “o noso obxectivo é mellorar os rendementos da colleita; para isto hai que amañar os camiños, pero na montaña é máis difícil. A nós interesábanos traba-

llar a idea e o concepto de Castaña do Courel e facerllo chegar á xente”. Están traballando nesa liña, mais, polo de pronto, só lle venden a dúas industrias.

A comunicación, por tanto, é un dos puntos fortes a traballar por parte da empresa, onde se esforzarán no futuro, e nesa comunicación cómpre explicar o por que de que a castaña do Courel debe ser máis cara que a doutros territorios. Os consumidores deben corresponsabilizarse no mantemento e conservación destes soutos e da paisaxe na que se sitúan.

Considera que é preciso crear unha Marca Courel.

BICOS DE XEADO

Do leite ao xeadado

www.bicodexeado.es

A Cooperativa Agraria Provincial de A Coruña é unha cooperativa de segundo grado que nace nos anos oitenta co obxectivo de traballar a prol do sector lácteo.

Entre os servizos que ofrecen para as cooperativas socias están os de xestión técnica e económica para os cooperativistas, asesoramento en sementes, o uso de abonos, o manexo da granxa, do benestar animal, ou facer análises dos custes das granxas ou xestión de axudas para a incorporación de xente moza.

Ademais destes servizos, a partir do 2009 deron un paso máis asumindo a xestión directa dunha granxa no concello de Miño (A Coruña). Así nace Granxa O Cancelo. O primeiro reto foi recuperar a produción de leite abandonada polos anteriores titulares, mais o obxectivo final é que sirva como centro de probas para cultivos, sistemas de manexo máis rendibles, adecuación e integración da produción agro-gandeira no seu contorno. Ademais de ser un espazo de asesoramento, onde poder ver in situ aquilo do que asesoran, convértese nun laboratorio de experimentación á vez que nun centro de interpretación para visitas de escolares e outros grupos.

No 2011, e apostando na liña de innovación constante que caracteriza a cooperativa, comezaron a vender leite fresco a través de máquinas expendedoras situadas en espazos públicos. A comercialización foi complexa e tras varias dificultades decidiron apostar por produtos cun maior valor engadido.

Nos xeados atoparon un novo camiño. No mesmo ano, comezaron cos ensaios, e sempre usando como principal ingrediente o leite. E, como afirma Jesús Otero, membro do equipo técnico da Cooperativa, buscaban “facer o mellor xeadado que poidamos”, e así lograron abrir no 2016 a súa primeira xeadaría na céntrica rúa coruñesa da Mariña, como unha forma de apostar por un novo produto a partir do leite. Ademais da propias tendas, distribúen o xeadado Bico de Xeadado noutras tendas do Estado.

No 2016 e 2017 obtiveron axudas do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) por un valor de aproximadamente 185 000 € o que, ao seu entender, demostra que a súa aposta pola innovación foi recoñecida e apoiada polas institucións públicas.

Mais sobre o futuro do rural, Jesús Otero considera que “somos bos na produción, temos moi bos produtos, pero non sabemos vendelos”; e engade que cómpre mellorar a profesionalización do sector e que a atomización deste non axuda a mellorar a situación, polo que unión do sector será a principal garantía de mellora de calidade de vida no rural.

COOP A CAPELA

Do requeixo que non é requesón

www.coopcapela.com

Falamos con Ana Vence, responsable comercial da cooperativa situada no Parque Natural do Eume e que destaca pola comercialización de requeixo de leite cru. A Cooperativa A Capela naceu en 1969 grazas á aposta de 22 persoas por mellorar a capacidade de comercialización do leite.

Tras máis de 15 anos organizando a Festa do Requeixo na Capela e vendendo máis de 20 000 racións, deciden apostar pola comercialización deste xenuíno produto, mais de novo atopáronse coa administración. A comercialización de requeixo de leite cru cunha maduración dun día foi cuestionada por Sanidade; mais grazas á colaboración coa Aula Láctea da USC puideron demostrar que se trataba dun produto san. Tras moitos anos lograron sacar adiante o proxecto. Querían, tal e como afirma Ana Vence, “facer un produto distinto, sa, e queríamos seguir sendo artesáns” e sempre garantindo a calidade, controlando mesmo a comida do propio gando. E reivindicar como a aprendizaxe veu moitas veces grazas ao erro, o facer sempre foi a chave do camiñar da Cooperativa A Capela.

Ata tiveron dificultades á hora de nomear o proxecto, non podían usar a palabra requeixo. Tiveron que usar o concepto: Requeixón, variedade de queixo fresco. Mais, co paso do tempo, esta batalla tamén a gañaron e xa poden usar o concepto requeixo que non é o mesmo que requeixón.

Na actualidade, a través dos máis de 40 gandeiros cooperativistas, recollen máis de 340 000 litros mensuais de leite, dos que aproximadamente un terzo transforman na propia cooperativa a través da elaboración do requeixo, manteiga, nata e outros queixos. A aposta pola diversificación é fundamental para esta cooperativa que conta con 8 empregados, por iso están apostando por lanzar iogures, cos que continuar ampliando o valor engadido do leite. Nun mundo cada vez máis homoxéneo a aposta pola diferenza é fundamental.

VIVEIRO O POMARIÑO

Hai futuro no campo, mais hai que vivir nel.

Cóntanos Ramiro Martínez (Outeiro, A Capela) que por influencia do seu avó o que máis lle gusta no campo son as árbores. Dende cativo, unha preocupación que sempre tivo foi a desaparición das variedades autóctonas. Di que quizais é unha idea 'romanticista', mais tamén hai un ecoloxismo nese pensar.

Situado no concello da Capela, e contando con recursos propios e algunha axuda da administración pública, decidiuse a explorar un nicho de mercado na creación dun viveiro especializado no castiñeiro enxertado e nas froiteiras autóctonas. Daquela non había competencia, era consciente de que a oportunidade de mercado estaba aí. Contounos Ramiro que ao comezo as maiores dificultades viñan derivadas por cuestións administrativas; foille difícil inscribirse no rexistro de produción de froiteiras autóctonas. Outra dificultade veu polas limitacións da propia terra. Comezou cunha finca de como moito 3 ferrados.


Sinala que "hai unha falta de terra e parece mentira habendo tanta terra abandonada" e apunta que, no seu caso, as cesións e arrendamentos de fincas están condicionadas pola permanencia, xa que o ciclo mínimo das árbores é como mínimo de 2 anos.

En canto á comercialización vende plantas a particulares, a comerciais agrícolas e a outros viveiros. O nicho de mercado é limitado, mais foi quen de cubrir unha carencia que existía e facilitar que estas variedades autóctonas non se perdan e teñan acollida nun mercado cada vez máis esixente.

Ramiro Martínez laiouse das dificultades da relación entre a universidade e centros de investigación coas empresas, non cre que haxa unha liña definida de investigación polo que cre que cómpre trazar unha investigación firme en torno ás variedades autóctonas de froiteiras.

E por último dinos que si cre no futuro no campo, mais hai que vivir nel.

QUEN ESCRIBE ISTO?



Esta obra é o resultado dun experimento, dunha escrita colaborativa. Durante dous días, nove investigadores da rede ReVOLTA xuntámonos para elaborar de forma colectiva este traballo. Non buscábamos a redacción de textos por separado senón ser quen de crear unha obra en común. xuntarnos para probar e innovar e procurar que emerxera a intelixencia colectiva.

O reto era complexo, xuntabamos investigadores de moi diferentes disciplinas, cada un cos seus intereses e formas de ollar a realidade e como obxectivo: ser quen de xerar unha obra que atendesec o rural e especialmente aos cambios aos que se está enfrontando.

Procurábamnos fuxir da idea de libro recopilatorio de artigos colectivos, tiña que ser unha obra conxunta, colaborativa coa interacción de varios corpos que se tiñan xuntando en moitas ocasións para pensar mais non para poñerse a escribir conxuntamente. Había escepticismo sobre se seríamos quen de facelo.

Grazas a esa incerteza misturada con curiosidade fomos quen de xuntarnos durante dous días no Centro de Promoción Económica de Allariz a producir este traballo e aquí o noso primeiro agradecemento, ao Concello de Allariz.

Tiñamos a vontade de facer mais faltaba a metodoloxía, coñecemos de esgello o método do *book sprint* e comezamos a indagar para intentar adaptala ás nosas necesidades. Precisábamnos tamén alguén que nos puidera botar unha man, que estivera afeita a traballar nesta lóxica colaborativa, para sacar o mellor

de cada unha das persoas que íamos construír este experimento. Para iso botamos man de Andrea Rico, experta en facilitación grupal. A ela tocoulle dotar o grupo de ferramentas para pensar a gobernanza das dinámicas, conciliar os puntos de vista, mediar nos conflitos e guiar o bo desenvolvemento do proceso de escritura conxunta.

O resto poñíámolo os participantes membros da rede: a vontade de experimentar, o *background* da experiencia colectiva en tarefas de investigación, a capacidade de confluír, o empeño no pensamento crítico. Todo isto entre investigadores reunidos na rede e dende aproximacións académicas, epistemolóxicas e metodolóxicas moi diferentes e mesmos contestadas; mais compartiamos un obxectivo común.

Como ferramenta usamos os *pads*, editores colaborativos de texto, o que nos permitía que todos puideramos editar colaborativamente os textos e que o resto das persoas puidésemos acceder ao que se ía editando conxuntamente.

E COMO FOI O PROCESO DE CREACIÓN?

Partimos dunha presentación ao grupo de cada participante, quen comentou que esperaba deste proceso de produción conxunto de coñecemento. Mentres a facilitadora foi anotando os principais conceptos que ían emerxendo. O equipo redactor ía, á vez, respondendo inicialmente á cuestión do Que? e, sobre todo, pensando en que persoas ían estar interesadas neste libro

e que poderían atopar nel. Estas respostas foron escritas en papel nun panel, usando conceptos claves, *tags* ou frases cortas, permitindo desta maneira conseguir un amplo mapa conceptual organizado por categorías.

Esta cartografía temática e conceptual creaba unha estrutura primixenia, unha serie de temas que se ían englobando mediante categorías, o que permitía ir desenvolvendo un prototipo de esquema de capítulos e contidos.

Posteriormente e aproximadamente durante cinco horas adicámonos á produción estritamente do libro. En grupos de dúas persoas fomos desenvolvendo estes textos iniciais que debían responder a eses desexos previos detectados e que foron englobados en capítulos.

Ao día seguinte xuntámonos de novo e continuamos o proceso de escrita durante catro horas. Pasado ese tempo, e non sen dificultades de entendemento e dúbida sobre a utilidade do proceso, cada grupo foi lendo ao resto dos participantes o texto que foran elaborando co obxectivo de poder engadir melloras e cambios e sumar novas olladas no texto.

O resultado final dese encontro intenso foi un traballo conxunto que sentou as bases iniciais desta obra que estás a ler. Posteriormente houbo un proceso de revisión e post-edición entre Lourenzo Fernández Prieto e Fran Quiroga, ao que logo se sumaron o resto de participantes do *book sprint*, ampliando e mellorando

ese texto conxunto. O libro completouse coa presentación de 10 Experiencias Produtivas Innovadoras que, a modo de mostra, dan conta destes procesos que se están dando no rural, que constitúen o campo de indagación da Rede ReVOLTA e que, ao noso xuízo, deben ser destacadas aquí.

Esta obra ten unha única pretensión, servir como panca que poida amplificar un debate sobre os novos relatos que explican a realidade dun país e da necesidade de deconstruír narrativas desoladoras sobre a capacidade que ten a cidadanía de facer os seus propios procesos.

A idea é estar ao servizo de todas aquelas persoas que, coma nós, aínda cren no futuro do rural e intentar aportar a nosa bagaxe de coñecementos especializados, diversos e complexos, da mellor forma posible e intercambiando directamente con eles e as nosas experiencias.

QUEN ESCRIBE ISTO?

Esta obra foi escrita de forma colaborativa e horizontal polos seguintes Investigadores da Aldea:

Xoan Carlos Carreira

Profesor de Construción Sustentable na Universidade de Santiago de Compostela, membro da Rede GALABRA de Estudos na Cultura. Entre outros traballos ten escrito *A pequena explotación agraria: ¿residuo do pasado ou alternativa de futuro?*

Emilio Carral

Profesor de Ecoloxía na Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo), membro da Rede GALABRA de Estudos na Cultura. Xunto a Xoan Carlos Carreira escribiu a obra *O pequeno é grande: A agricultura familiar como alternativa: O caso galego*.

Beatriz Corbacho González

Doutora en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela (2017), HISTAGRA, a tese é: *Intensification of a peasant agriculture and soil fertility in an atlantic territory: Galicia, 1750-1900*.

Lourenzo Fernández Prieto

Catedrático de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela, coordina o Grupo de Historia Agraria e Política do Medio rural (HISTAGRA). Entre outras obras escribiu: *El apagón tecnológico del franquismo. Estado e innovación en la agricultura española del siglo XX*.

Francisco Javier López González

Profesor de Debuxo Técnico na Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo), membro do grupo de investigación LaboraTe. Entre outras obras ten escrito *Cultura e paisaxe*.

Edelmiro López Iglesias

Profesor de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, coordinador do grupo de investigación ECOAGRA-SOC, especializado en economía agraria. Canda outros autores escribiu: *Os montes veciñais en man común: o patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*.

Fran Quiroga

Licenciado en Ciencias Políticas e Máster en Tecnoloxías da Información pola Universidade de Santiago de Compostela. É xes- tor en I+D da rede ReVOLTA. Entre outros libros co-coordinou a obra colectiva *A través das Marxes*.

Teresa Rodríguez López

Profesora de Zooloxía na Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo), membro do grupo de investigación Agronomía da USC. Canda outros autores escribiu *Agro-Industrial Waste Management: a case study of soil fauna responses to the use of biowaste as meadow fertliser in galizia, northwestern spain*.

Xavier Simón

Profesor de Economía Aplicada na Universidade de Vigo, responsable do grupo de investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía. Entre outros libros escribiu *Guía para os propietarios de terreos eólicos*, xunto a Damián Copena.

ÍNDICE

Limiar.....	5
Que atoparemos neste libro?.....	15
Pensando o rural.....	19
Diagnose.....	35
O rural en potencia.....	55
10 Experiencias Produtivas Innovadoras.....	67
Quen escribe isto?.....	99

